



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 30 de xullo de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ORDE DO DÍA

<u>*Declaración institucional sobre os discursos de odio.....</u>	<u>7</u>
---	----------

Información e actas

<u>1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2021, do 30 de xuño.....</u>	<u>8</u>
<u>2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia, desde o 22 de xuño ata o 23 de xullo de 2021.</u>	<u>8</u>
<u>3. Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno do oitavo mes de 2021.</u>	<u>8</u>

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización

Lingüística

<u>4. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto "A liña do galego 2021" e aprobación do correspondente convenio de colaboración</u>	<u>9</u>
<u>5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural do ano 2021: Ciclo "Martes das artes".</u>	<u>17</u>

Comisión de Deporte e Mocidade

<u>6. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Balonmano para cofinanciar a celebración da Final Four da categoría 1ª Autonómica masculina e feminina, e a Fase de Ascenso a División de Honra Prata Masculina, no ano 2021.</u>	<u>25</u>
---	-----------

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

<u>7. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Sada polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Proxecto Xanela Aberta: pantallas e totems de información turística.....</u>	<u>33</u>
---	-----------

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

<u>8. Aprobación do Plan de Investimentos 2021, Sétima Fase</u>	<u>41</u>
<u>9. Aprobación técnica do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, SEGUNDA FASE</u>	<u>41</u>

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

<u>10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación EXPONAV para financiar "Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval"</u>	<u>43</u>
--	-----------

11. Aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Cluster tic Galicia, para a elaboración do Plan Director e constitución da estrutura de gobernanza da cidade dasTIC 51

12. Dación de conta ao Pleno da resolución da Presidencia na que se aprobaron as prescrición técnicas dos vehículos previstos no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da adquisición de vehículos 64

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0016.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento 73

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Melloras de pavimentación e seguridade vial nas pistas de Orois a Maceda e outras", do Concello de Melide, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostíbles co código 2020.2102.0350.076

15. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Construcción de pista de patinaxe de velocidade en Bastiaqueiro" do Concello de Oleiros, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0715.0 79

16. Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, e Ponteceso para regular o "Proxecto Anllóns". 81

17. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para financiar o proxecto "Acondicionamento de senda peonil de Oroso Pequeno ao Parque Fluvial do Río Carboeiro" 91

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

18. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintcendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2021. 100

19. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2021 e proxección a 31/12/2021..... 101

20. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao segundo trimestre de 2021.....	101
21. Dación de conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.	102
22. Aprobación da modificación singular e circunstancial do sistema de produtividade para o persoal que traballou no FIER durante o estado de alarma.	102
23. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2021 de aprobación polo Pleno e a modificación da base 54ª das de execución do Orzamento 2021.	103
24. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2021 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.....	106
25. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2021 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.	106
26. Dación de conta das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Xullo, Agosto, Setembro e Outubro de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.	106
27. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 29204/2021 de data 08/07/2021 pola que se aproban as Normas Básicas de actuación ás que deben axustarse as entidades financeiras para prestar o servizo de colaboración na recadación de tributos e demais ingresos de dereito público xestionados pola Deputación da Coruña.....	106

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

28. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co CONCELLO DE VEDRA, para cofinanciar as actividades do proxecto de "POSTA EN MARCHA E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN", dentro do Plan de Emprego Local	107
29. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA, para cofinanciar o proxecto "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", en virtude do Acordo Marco de Colaboración vixente entre ambas as dúas entidades e a Fundación EOI, F.S.P, no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2021	115
30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA para cofinanciar o proxecto "GREENCOWORKING AS PONTES", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2021.....	125
31. Aprobación da desestimación da reclamación presentada contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da	

deputación da Coruña, e aprobación definitiva de dita modificación	134
--	------------

Información e Actas

32. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Manuel María Durán Guillán	135
--	------------

33. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Antonio Fernández Anqueira.....	137
---	------------

34. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Luis Fernández Mouriño.....	138
--	------------

35. Proposición da Presidencia sobre a renuncia da deputada Dona Dalia García Couso	139
---	------------

36. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Pablo González Cacheiro	140
--	------------

37. Proposición da Presidencia sobre a renuncia da deputada Dona María Beatriz Molinos Vidal	141
--	------------

38. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Muíño Domínguez	142
--	------------

MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre enerxía eólica mariña.	143
--	------------

Moción que presenta el Grupo Provincial Popular na Deputación de a Coruña, para esixir ao goberno de Cuba o cesamento da violencia inxustificada contra os seus cidadáns e apoiar unha transición pacífica á democracia na que todos os cubanos poidan elixir o seu futuro en liberdade	156
---	------------

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao goberno de España a poñer en marcha medidas que eliminen a deuda que as Entidades Locais contraeran co estado de maneira automática pola liquidación negativa da participación nos ingresos do estado do ano 2020	181
--	------------

Moción do grupo Alternativa dos Veciños en apoio ao pobo cubano, en defensa do levantamento do bloqueio	171
---	------------

Fóra da orde do día

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a DP 0701.....	177
---	------------

ROGOS E PREGUNTAS	181
--------------------------------	------------

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de xullo de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de xullo de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mourinho	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:12 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Si, empezamos coa declaración institucional sobre os discursos de odio.

Sr. Secretario

Declaración Institucional sobre os discursos de odio

Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínste da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, os grupos provinciais propoñemos

1. Que dende todos os grupos políticos da Deputación se faga de xeito unánime á firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.
2. Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.
3. Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente da Deputación Provincial, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade.
4. Dar traslado de esta declaración ao resto de institucións públicas de carácter estatal, autonómico e municipal, a fin de que poidan sumarse á mesma e atallar entre

todas a proliferación dos discursos de odio na esfera pública.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2021, do 30 de xuño.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 6/2021, do 30 de xuño

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia, desde o 22 de xuño ata o 23 de xullo de 2021.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia, desde o 22 de xuño ata o 23 de xullo de 2021.

3.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno do oitavo mes de 2021.

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 27 de agosto, o que aconsella retrasar esa data,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 23 de xullo de 2019,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2021 celebrárase o día 10 de setembro, venres, a partir das doce horas".

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto "A liña do galego 2021" e aprobación do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de xullo de 2021.

2.- Aprobar o convenio con A Mesa pola Normalización Lingüística, CIF G15154610, correspondente á subvención nominativa, por importe de 34.000,00 €, porcentaxe de

financiamento do 80,00% para financiar A liña do galego no ano 2021, de acordo co texto de convenio que se achega no anexo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2022, autorice o correspondente orzamento.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA) CIF G15154610 PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2021

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de A Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.

A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación que desde 2007 atende consultas e dúbidas relacionadas cos dereitos lingüísticos da comunidade galega falante e tramita queixas cara ás institucións, empresas, etc, que os vulneran; así como parabéns a establecementos, entidades e empresas que atenden en galego, que dean pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Trata cuestións vinculadas coa normalización lingüística, pensadas para dar solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

Dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou

felicitación relacionada co uso do idioma.

A App A liña do galego é unha ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego, para Apple e Android que permite o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda para os seus usuarios.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar A Liña do galego 2021 (**do 1 de xaneiro ao 31 de decembro**) servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Ingresos previstos

A Mesa pola Normalización Lingüística	Achegas propias da asociación.	8.500,00€
Deputación da Coruña	Subvención Deputación da Coruña	34.000,00€
TOTAL		42.500,00€

Gastos previstos

App A Liña do Galego	Renovación e actualización da App para móbiles e tabletas Android e Apple	3.000,00€
Persoal	Nóminas correspondentes a un ano de dúas persoas para atención, xestións, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego	32.858,19 €
Deseño	Deseño do informe da Liña do Galego e deseños publicitarios App	3.000,00 €
Copias e impresións	Copias dos formularios empregados na xestión e impresións do informe anual en fotocopiadora de <i>renting</i>	3.641,81 €
TOTAL		42.500,00€

Cantidade total orzada: 42.500,00 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 34.000,00 €

Coeficiente de financiamento: 80%

A Mesa pola Normalización Lingüística certifica que financiará con fondos propios os restantes 8.500,00 € (20%).

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **34.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A MESA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a MESA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de A MESA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a A MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención

outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2021** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a MESA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a A MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a A MESA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por A MESA na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a MESA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, A MESA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a MESA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2022, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto

de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2022 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuádruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural do ano 2021: Ciclo "Martes das artes".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o convenio coa Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario correspondente á subvención nominativa, por importe de **18.000 €**, concedida para cofinanciar a *Programación cultural do ano 2021: Ciclo "Martes das artes"*, cun orzamento subvencionado de 22.500 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de xullo de 2021.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación cultural do ano 2021: Ciclo "Martes das artes".

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

EXPOÑEN

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade primordial é o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma

de Galicia. Os estatutos vixentes foron aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

2.- Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museoloxía, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuir ao patrocinio das actividades presentadas pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario co NIF Q1568002H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación cultural do ano 2021: Ciclo “Martes das artes”***.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A/O Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Honorarios conferenciantes	5.000,00 €
Honorarios concertos	2.000,00 €
Aluguer películas e dereitos de autor correspondentes	700,00 €
Material gráfico e difusión das actividades	450,00 €
Canón pola cesión de pezas para a exposición dos académicos	6.500,00 €
Transporte e montaxe exposición	7.500,00 €
Gastos xerais	350,00 €
TOTAL	22.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía,

debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a

achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 SÉTIMA FASE cun orzamento total de 368.002,22.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
2021.1110.0009.0	DP 0507 MELLORA FIRME E ACTUACIONES SEG.VIARIA RORIS A ANZOBRE (ARTEIXO) PQ 0,25 A 2,85	ARTEIXO	368.002,22

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación técnica do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, SEGUNDA FASE

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o Plan de SENDAS PEONÍS 2021 SEGUNDA FASE cun

orçamento total de 376.390,03.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	EXPROPIACION
2021.1170.0002.0	DP 3802.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA ORDES A PONTECARREIRA DO P.Q. 7+420 AO 8+450. (OROSO)	OROSO	201.267,49	9.246,94
2021.1170.0003.0	DP 1601 PONTE DO PORTO A CAMELLE.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+200 AO 4+425 (CAMARIÑAS)	CAMARIÑAS	175.122,54	12.315,92
TOTAL			376390,03	21562,86

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	EXPROPIACION
2021.1170.0002.0	DP 3802.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA ORDES A PONTECARREIRA DO P.Q. 7+420 AO 8+450. (OROSO)	OROSO	201.267,49	9.246,94
2021.1170.0003.0	DP 1601 PONTE DO PORTO A CAMELLE.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+200 AO 4+425 (CAMARIÑAS)	CAMARIÑAS	175.122,54	12.315,92
TOTAL			376390,03	21562,86

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación EXPONAV para financiar "Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento e no capítulo II: Os procedementos de concesións e xestión das subvencións da ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019).

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

A Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de la Actividades Marítima (EXPONAV) ten como obxecto social reunir, expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e ao sector marítimo; así como propiciar actividades complementarias relacionadas co mar e a construción naval, como son recopilación e mostras de fotografía e pintura, talleres de restauración de fondos, habilitación de salas de conferencias permanentes e temporais, exposicións, etc todo isto para acometer a organización da Exposición Naval de la Construción Naval, que ten a súa sede no edificio de Herrería do Arsenal Militar de Ferrol.

Por outra banda o Museo atópase moi comprometido coa comunidade educativa. A divulgación da cultura entre as novas xeracións é un obxectivo fundamental.

A actividade proposta consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector da construción naval e as actividades marítimas, no que existen poucas oportunidades e apoios para o emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e o coñecemento dun sector tan importante como é a construción naval e as actividades marítimas, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta tanto museística como patrimonial referenciada ás actividades marítimas.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto “Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcións Naval”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 45.440,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333.1/481

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO CONOCIMIENTOS DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o _____ en representación da Excma.
Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos

asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Soldos Salarios	22.000,00 €
Reparacions e conservación (Servizo de mantemento)	11.000,00 €
Contratacións externas (Servizo de coordinación actividades, servizo de limpeza, xestión etc.)	15.700,00 €
Seguridade Social a cargo da empresa	8.100,00 €
TOTAL	56.800,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **45.440,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 100 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, aboarase a parte resultante da aplicación do correspondente coeficiente de financiamento ao importe xustificado.

As ditas modificación aplicaranse sempre e cando os gastos xustificadas teñan vinculación directa co obxecto subvencionado e poidan considerarse gastos subvencionables, de acordo co dispostos nas correspondentes bases das convocatorias e nos convenios polos que se instrumentou a súa concesión.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/333.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvenionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez que presenten a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA

EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **17 de xullo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES

MARÍTIMAS (EXPONAV), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN S E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado).

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado)

3.- Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado)

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 17 de xullo 2020 ata o 31 de decembro de 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de novembro do ano 2021**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2021**.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO
DEL CONOCIMIENTO DE LA
CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE
LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS
(EXPONAV),"

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Cluster tic Galicia, para a elaboración do Plan Director e constitución da estrutura de gobernanza da cidade daSTIC

INTERVENCIÓNS

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas e bo día.

Quería aproveitar esta primeira intervención para despedir o compañeiro Daniel Rodríguez Cao, que deixa esta Corporación, deixa de traballar aquí hoxe. Creo que foi un exemplo de bo facer e tamén de bonhomía que cando menos eu particularmente lle agradezo, e creo que boa parte dos que traballaron con el tamén.

Ben, indo a este punto en particular, é unha tramitación que consideramos que desde logo non se axusta completamente á formalidade que exige a propia norma. Vemos cando accedemos ao expediente que se introduce unha modificación do ditame con data do 20 de xullo, que se incorpora ao expediente con forma de emenda, aínda que se discutise aquí a súa natureza de emenda ou non, e que o informe de fiscalización é de data anterior a esta emenda, é do 12 de xullo.

Informándome sobre a cuestión, polo visto, polo que din os habilitados, cuxo criterio respecto, e tendo a pensar que é superior ao meu en cuestións técnicas, pois isto non impide a legalidade do acto, ou sexa, que o informe de fiscalización sexa anterior á emenda non quita, non obsta, para que se poida aprobar.

En todo caso, ademais de facer constar que non era necesario proceder deste xeito cun expediente que creo que exige unha tramitación normal como calquera outro, nós pensamos que non existe tampouco unha razón de prema como para

avanzar cunha tacha incorporada desde o noso punto de vista neste expediente e entón solicitámoslle á Presidencia que se deixe sobre a mesa este asunto ata o Pleno de setembro.

Sr. García Seoane

Ben, eu neste punto indudablemente se se trata votarei non ou absterme porque, tal como discorreu a comisión o outro día, non ha lugar a ese tipo de actitudes. En concreto por parte do presidente da mesa que levaba o tema. Por esas razóns é suficiente xa para non aprobalo ou polo menos como mínimo absterme. Iso non pode ocorrer en corporacións democráticas, o que ocorreu o outro día nesta sala non pode ocorrer en corporacións democráticas. Tanto denunciar e ao final aquí avasalamos a quen nos dá a gana.

Sr. Ben Otero

Vamos a ver, lo primero que me gustaría es, si es posible, que el secretario se pronuncie al respecto de si este expediente está conforme a derecho y si está todo correcto para poder votarse, una decisión política.

Segundo tema, si fuera posible, como ha dicho el Sr. Lema, aplazarlo al primer Pleno de septiembre y que viniese conforme debía de venir para que no haya ningún tipo de duda, sería perfecto. Si no, nosotros, por convicción, lo votaríamos a favor porque creemos firmemente en este proyecto, pero entendemos que lo más sensato para todos sería dejarlo para el primer Pleno de septiembre.

Y en tercer lugar, sumándome a lo que dice Gelo, sin que sirva de precedente, yo creo que es muy importante tener en cuenta que las instituciones, lo importante en las instituciones no es el continente, es decir, no es dónde están instaladas, el edificio, lo importante en las instituciones son las personas que las conforman, tanto los políticos, que somos elegidos cada cuatro años, como los funcionarios que se han ganado el derecho a estar aquí. En el momento en que perdamos el respeto a las personas que conforman las instituciones, en el momento en que perdamos la cabeza, en el momento en que empecemos a actuar sin sentido común, algo empezará a ir mal. Sobre todo en una institución como esta, que es una institución de consensos, que es una institución en la que trabaja a favor de los ayuntamientos y el debate político muchas veces queda en segundo plano, como yo creo que tiene que quedar; perdón, el debate ideológico. Lo importante son los proyectos y que hagamos cosas.

Yo hago un llamamiento, desde luego y me sumo al Sr. García Seoane, repito, sin que sirva de precedente, y creo que es importante y creo que no sobraría hoy aquí que, a lo mejor, alguien se disculpara porque hay actitudes que no son de recibo en el momento en que estamos en la vida.

Gracias, nada más.

Sr. Lage Tuñas

Si, grazas, presidente.

Creo que o expediente está tramitado conforme a dereito. Se alguén, que seguramente dende a comisión ata hoxe, o que tivera interese en que iso non fora adiante pois tería conseguido algún informe alternativo ou tería visto que non estaba

conforme a dereito teríao dito. Por iso a intervención que fai a señor Lema xa é poñendo a venda diante da ferida, dicindo que, claro, fixo as consultas correspondentes e sabe que non hai nada que facer.

Despois creo que é importante os niveis de coherencia alí onde haxa habilitados, ou onde non se quere que os haxa, ir dando leccións pola vida, o que hai é estar acostumados a que cando un fala tamén lle poden contestar, non só hoxe, tamén outros días nos que os que interveñen pois teñen outro tipo de intereses, incluso hai que ser capaces de soste nos órganos o que se di de portas a fóra. Iso en primeiro lugar e, en segundo, creo que efectivamente si hai motivos máis que suficientes, están recollidos na acta da comisión, para que, efectivamente, para que se produzan non só desculpas, senón para que se actúe conforme ao que se debe actuar nunha comisión destas características.

Creo que hai, desde logo, que respectarse en primeiro a si mesmos, a ser representantes dos cidadáns e a coñecer qué son as institucións, e tamén como se conforman. Co cal eu o que pediría é un pouquiño menos de hipocrisía, un pouco máis de coherencia co que se di de portas a fóra cando se fala dalgunhas persoas, porque eu o que teño que dicir dígoos aquí e dígolles ás persoas de fronte, e supoño, supoño, non sei se quere intervir o secretario, vexo que ten interese en intervir.

Sr. Presidente

Quero intervir eu, cando acabes interveño eu.

Sr. Lage Tuñas

Entón creo que o proxecto da Cidade das TIC é un proxecto estratéxico e si ten que ver onde se fai e si ten que ver, querido Sr. Ben, que haxa gobernos como o desta Deputación, co presidente á fronte, que haxa gobernos, como o da cidade da Coruña, coa alcaldesa á fronte, que apostaron desde o primeiro minuto por un proxecto capitaneado por Julio Abalde, reitor...

Eu non sei se me permite o presidente que acabe a miña intervención, eu non interrompín a ninguén, eu interrompín a alguén?

Sr. Presidente

Sr. Ben, despois se queres falas ti.

Sr. Lage Tuñas

Véxovos un pouco nerviosos; eu o que pediría é que, cando se pide respecto, o primeiro é respectar o turno de palabra, é unha das cousas fundamentais nunha institución coma esta. Polo tanto, vou rematar o que estaba dicindo, aínda que non guste. O Goberno desta Deputación, o Goberno da cidade, apostou desde o primeiro minuto polo proxecto da Universidade da Coruña. Non é certo que a Xunta de Galicia o fixera porque o que propoñía era que se fixera o hospital alí. Non sei se é que hai falta de memoria pero, desde logo, a min non me falta a memoria, vale? Polo tanto, está moi ben intentar vir a disparar e a intentar facer a hipocrisía política, pero, se hai que recordarlles a algúns o que fan cos habilitados, recordaráselle. E, se hai que recordar quen non apoiou a Cidade das TIC desde o primeiro día, tamén se recordará. Están as hemerotecas aí e as declaracións. Polo tanto, eu o que pido é que sexamos consecuentes. Hoxe a Xunta de Galicia está apoiando, o Igape está apoiando, a

Deputación está apoiando, pero un pouco de mesura; hai que empezar por un mesmo, cando se pide mesura, hai que empezar por un mesmo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Sr. Ben, breve por favor.

Sr. Ben Otero

No voy a responder al señor Lage, ya se responde a sí mismo. A mí me gustaría, si es posible, presidente, que el secretario dijese si el expediente se ajusta a la legalidad antes de ser votado. A mí me gustaría que se pronunciara si es posible. Gracias.

Sr. Presidente

Vale, Sr. Ben. Vamos a ver, eu non estou disposto a montar un circo con case ningún tema, salvo que o consensuemos entre todos e, polo tanto, o que non vou permitir eu, é unha mensaxe a todos, é que nun proxecto onde todos e todas estamos de acordo o manchemos con cuestións, digamos, que son importantes de forma, evidentemente, pero con cuestións que son propias da vida das propias comisións informativas, onde houbo xa digamos que conclusións neste caso desta, pero tamén falado cos asesores, tamén co secretario respecto da aprobación deste expediente, quero recordar e quero informar da premura, que si que ten, que nos está instando constantemente e diariamente a propia universidade, eu sinceramente non vou retirar o punto da orde do día, ímolo aprobar todos. Se hai algunha actitude que corrixir, corrixírase; se hai algunha cuestión que facer, farase. É dicir, baixo ningún concepto está a profesionalidade de ningunha das partes que estivo na comisión nin fóra da comisión, nin de habilitados nin de non habilitados, posta en dúbida porque en cada punto de cada Pleno, de cada ano, de cada corporación, estea quen estea aquí, sabe da súa valía persoal e profesional e sabe da dependencia que temos da súa boa xestión. Ninguén o pon en dúbida. Eu son o presidente, non adoito exercer de presidente, digamos, como se chama, con mazo, pero hoxe si, non saquemos de nai un tema que o fondo da cuestión é que aprobemos canto antes, saquémonos de enriba este convenio que é importante para a cidade e é importante para a provincia da Coruña. Vamos proceder a votalo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Aprobar o texto CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE

GALICIA/IGAPE, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLUSTER TIC GALICIA, PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E CONSTITUCIÓN DA ESTRUCTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC

2.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades a que vai referida a súa vixencia.

3- O texto íntegro do convenio e o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE, DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLUSTER TIC GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E CONSTITUCIÓN DA ESTRUCTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC

En A Coruña, a xx de xx de 2021

REUNIDOS

D. Francisco Conde López Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e innovación da Xunta de Galicia na súa calidade de Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante **Xunta de Galicia/IGAPE**.

Valentin González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en adiante **Deputación**.

Julio Abalde Alonso en representación da Universidade da Coruña, en adiante **UDC**.

Inés Rey García, Alcaldesa do Excmo. Concello da Coruña, debidamente facultada para este acto, que actúa en representación do Excmo. Concello da Coruña, en adiante **Concello**.

Antonio Rodríguez del Corral, como Presidente do Cluster TIC Galicia, en adiante **Cluster**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

MANIFESTAN

I. Que o IGAPE é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

II. Que a Deputación da Coruña é unha entidade local que, de acordo coa Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, ten entre as súas competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio da provincia da Coruña.

III. Que o Concello da Coruña é unha entidade local que, de acordo coa Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten entre as súas competencias o urbanismo, as infraestruturas viarias e a promoción do uso sustentábel e eficiente das TIC.

IV. Que a Universidade da Coruña é una institución pública que, de acordo cos seus

estatutos, lle corresponde no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo, contemplando como función ao servizo da Sociedade a difusión, valorización a transferencia de coñecemento para o desenvolvemento económico.

V. Que o Cluster TIC Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro constituída en 2008 para reunir as empresas, asociacións empresariais, colexios, asociacións profesionais e outros axentes do macrosector das Tecnoloxías da información e Comunicación (TIC) de Galicia que traballa para poñer en valor o sector TIC galego, impulsado a colaboración entre as empresas e xerar sinerxias para favorecer o cambio de modelo produtivo de cara a unha economía baseada na innovación e a produtividade.

VI. Que o 18 de febreiro de 2020 o Ministerio de Defensa resolveu outorgar unha concesión demanial á Universidade da Coruña sobre os terreos e as instalacións que conforman a propiedade denominada “Fábrica de Armas da Coruña” situada na Avenida Pedralonga da Coruña. Esta propiedade é de titularidade estatal e está afectada o Ministerio de Defensa, polo que se integran no dominio público da Administración do Estado.

VII. A Cidade das TIC desenvolverase na totalidade do terreo obxecto de concesión e comprende a totalidade dos inmobles da denominada, polo Ministerio de Defensa, “Fábrica de Armas da Coruña”. Ten unha superficie aproximada de 127.943 ml e os seus principais inmobles están formados polas 7 naves industriais da antiga fábrica: almacén Xeral (1); prensas e cañóns (2), revisión e metroloxía (3); forxa, pulimento e tratamentos térmicos (4); mecanismos, montura e montaxe (5); diversas, electricidade, calderería e soldadura (6); e tratamentos superficiais e areado(7), así como do resto de edificios do complexo. Tamén inclúe a totalidade dos utensilios, maquinaria e demais mobles da mesma.

VIII. Sobre os terreos e instalacións da antiga “Fábrica de Armas” estase a crear a “Cidade das TIC”, un polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional que actúe como un demostrador de tecnoloxías emerxentes, de apoio ao tecido empresarial pola prestación servizos tecnolóxicos avanzados non dispoñibles en Galicia, facilite a instalación de empresas do sector e sirva como vector de crecemento e dinamización económica grazas á creación de startups, o impulso do I+D+i, o fomento do emprendemento e a atracción de empresas multinacionais.

IX. A Cidade das TIC será un ecosistema TIC dinámico e vangardista que combinara:

- Infraestruturas de innovación e servizos TIC avanzados para a innovación industrial.
- Un Parque empresarial TIC para o aloxamento de pequenas e grandes empresas tecnolóxicas.
- Un Campus Tecnolóxico vinculado a UDC con cabida para un Centro de I+D en novas tecnoloxías
- Unha incubadora empresarial de Alta Tecnoloxía principalmente centrada en Intelixencia Artificial e Big Data.
- Un centro demostrativo e de servizos avanzados que proporcione novos servizos tecnolóxicos ás empresas.
- Espazos de formación e difusión TIC para fomentar a colaboración empresa TIC - universidade.
- A proposta de ser sede dun Nodo da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial

- Servizos de apoio á Cidade: servizos sociais e servizos centrais complementarios.

X. Durante o ano 2020 a Cidade das TIC recibiu un apoio financeiro de 4,8 millóns de euros da Xunta de Galicia a través do IGAPE para a construción do Centro de Servizos Avanzados - CSA, un centro de demostración, prototipado c lanzamento de proxectos para a implantación das TIC nos sectores económicos de Galicia.

XI. O Concello da Coruña ten ratificado o seu apoio o seu compromiso co proxecto da Cidade das TIC a través de distintos investimentos para o acondicionamento urbano que permitirá a correcta integración da infraestrutura da antiga Fábrica de Armas na cidade, así como o desenvolvemento de vías urbanas, transporte público e servizos básicos.

XII. Un proxecto estratéxico desta envergadura precisa dunha decidida aposta institucional así como dun compromiso empresarial evidente que permita lograr que a Cidade das TIC se converta nun verdadeiro Polo das Novas Tecnoloxías no que se estableza un alianza sinérxica entre o ámbito empresarial, o universitario e o institucional que o faga atractivo tanto a nivel nacional como internacional e de acordo cos antecedentes anteriormente indicados O IGAPE, a DEPUTACIÓN, a UDC, o CLUSTER e o CONCELLO teñen interese en xuntar esforzos e por en común as súas sinerxías en prol do desenvolvemento do complexo da Cidade das TIC.

XIII. A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa, plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para acadar resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

XIV. Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na implementación e consolidación da Cidade das TIC para o que se considera moi relevante a planificación estratéxica dun proxecto desta envergadura así como contar cunha axeitada estrutura de gobernanza, cuestións que se tornan nun aspecto fundamental para asegurar unha axeitada viabilidade e sustentabilidade da iniciativa comezada en 2020.

CLAUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para dinamizar a construción e dotación da Cidade das TIC de xeito que se poida materializar no menor espazo de tempo posible.

As primeiras actuacións previstas son as seguintes:

- Elaboración do Plano Director da Cidade das TIC
- Deseño e posta en marcha inicial da súa estrutura de gobernanza que permita ser formalizada a través dunha sociedade pública na que se integren todas as institucións públicas que poden contribuír tanto na fase dos investimentos iniciais como nas fases posteriores.
- Soporte da estrutura de gobernanza provisional e das actuacións preliminares. As actuacións previstas realizaranse nun período de 12 meses dende a firma do convenio polas partes integrantes.

Segunda: Imposibilidade de promover a Concorrenencia

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e as razóns que impidan a concorrenencia da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo. Por outra banda, mediante este convenio as entidades públicas e privadas asinantes establecen un marco de colaboración no que se une as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público como son os de desenvolver o proxecto da Cidade das TIC Esta e a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

Terceira. Alcance do Plan Director da Cidade das TIC

A planificación estratéxica dun proxecto da envergadura da Cidade das TIC, que supón un investimento moi elevado, tórnase nun aspecto fundamental para asegurar unha axeitada viabilidade e sustentabilidade á iniciativa.

A través deste Plan defínese un instrumento de planificación e control do proxecto de xeito colaborativa entre todas as entidades participantes.

O Plan Director permitirá:

- Analizar o contexto tecnolóxico, social, cultural e normativo no que se encadra a Cidade das TIC.
- Avaliar a contribución desta infraestrutura singular tanto para o sector TIC como para o conxunto dos sectores produtivos que teñen nas tecnoloxías a súa principal ferramenta para innovar e ser competitivos.
- Propoñer unha visión estratéxica de futuro para a Cidade das TIC.
- Definir un conxunto de plans de accións medibles que asegure unha axeitada gobernanza, viabilidade, sustentabilidade e posicionamento da Cidade das TIC.
- Establecer unha folla de ruta e un cadro de mando que permita analizar de forma obxectiva a posta en marcha e implementación deste proxecto estratéxico.

Como resultado da realización do Plan Director obteranse os seguintes resultados concretos:

- Un Plan Estratéxico que resuma o fin e a misión da Cidade das TIC así como os seus obxectivos a curto e medio prazo.
- Unha planificación das actuacións e investimentos a realizar na posta en marcha da Cidade nos próximos anos.
- Un plan de xestión da cidade e das súas infraestruturas, co deseño dun modelo de negocio sustentable.
- Un plan de sustentabilidade económico - financeiro da Cidade para a súa fase inicial (posta en marcha do Centro de Servizos Avanzados) e para a fase posterior. incluírá o deseño dun plan de aportacións financeiras tanto singulares como recorrentes.
- Constitución da nova sociedade xestora da Cidade das TIC e cuantificación das achegas económicas por parte das administracións públicas que a integran.

Cuarta. Deseño da Estrutura de gobernanza

A Cidade das TIC precisa contar cunha estrutura de gobernanza propia que se formalice a través dunha sociedade pública participada polas institucións públicas que impulsan o proxecto.

No marco desta actuación será necesario levar a cabo:

- Análise das diferentes fórmulas xurídicas de interese de xeito que permita seleccionar a máis acaída aos intereses e necesidades da Cidade das TIC.
- Tramitación dos diferentes pasos para a constitución da sociedade pública: elaboración do plan de actuación, estatutos, xestión da inscrición ante o rexistro e notaría.
- Os estatutos da futura sociedade que se constituía garantirán que a porcentaxe de participación de cada un dos entes que figuren como socios, no desembolso do capital inicial, no exercicio dos dereitos de voto e no número de persoas membros do consello de administración, manteña a proporcionalidade coa dotación orzamentaria que se sinala na cláusula sexta. A mesma garantía deberá seguirse en caso de transmisión de accións entre socios.

Quinta . Soporte da Estrutura de Gobernanza Provisional e Actuacións Preliminares

Ate que non estea constituída e en marcha a nova Sociedade pública xestora da Cidade das TIC é necesario contar cunha estrutura de xestión provisional que permita impulsar as iniciativas e pasos que permitan a súa consolidación. Esta estrutura provisional estará constituída a lo menos por un responsable e un equipo técnico de soporte externo que realicen as funcións e actuacións preliminares asociadas ao proxecto:

- Representación e interlocución institucional.
- Dirección e participación na elaboración das propias actividades recollidas neste convenio.
- Definición e implementación dun Plan de marketing e comercialización.
- Outras actuacións necesarias para a consolidación da Cidade das TIC.

Sexta. Orzamento de execución e financiamento

O orzamento para a execución das actuacións previstas no presente convenio é de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00 €) que permitirá realizar as actividades relacionadas na cláusula sétima.

O IGAPE financiará o orzamento cunha aportación máxima de 36.000,00 €, na partida 06.741A.6400 dos seus orzamentos para o ano 2021, o que representa unha porcentaxe do 20%.

A DEPUTACIÓN financiará o orzamento cunha aportación máxima de 36.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 20%.

A UDC financiará o orzamento cunha aportación máxima de 30.600,00 €, o que representa unha porcentaxe do 17%.

Tendo en conta que este investimento foi aprobado sen ningún tipo de condición, xa que segundo o informe técnico (Anexo V), emitido o 11 de xuño de 2020 polo arquitecto que asiste ao concello, Jacobo Fernández Malde, o ámbito onde se desenvolven as obras e o tipo de obra, onde se repón o material que constitúe a pista, non precisa de autorización sectorial algunha e que, con posterioridade, tense coñecemento de que na Pista do Señorito, actuación nº 7 do proxecto, era preciso un cambio de material, xa que a pista atopábase en zahorra e prevíase un asfaltado en quente, o que supoñía que non se trataba simplemente dunha repavimentación, polo que para a actuación prevista nesta pista facíase preciso solicitar autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e á Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia e era urxente a execución das actuacións no resto das pistas contidas no proxecto

Logo de aprobar o Concello de Melide un proxecto modificado asinado dixitalmente o 15 de abril de 2021, previos os correspondentes informes técnico e xurídicos favorables e co único propósito de eliminar a actuación nº 7 do proxecto ante a posibilidade de que non contase co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, co conseguinte retraso para o resto das actuacións previstas no proxecto e que necesitaban acometerse de xeito urxente, o que implicou un cambio do trazado previsto inicialmente no proxecto aprobado por esta deputación e unha diminución do seu orzamento ao pasar de realizar actuacións en catorce pistas, a actuar soamente en trece

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 14 de maio de 2021, autorizando as actuacións contidas neste proxecto modificado cunha serie de

condicións e o informe do arquitecto municipal do 10 de xuño de 2021, no que indica que este proxecto modificado adáptase ás condicións requiridas na dita Resolución

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 20 de abril de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación en relación a este proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases modificadas do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP nº 66 de 5 de maio de 2020, que foron modificadas para engadir a Base 12 para regular o POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e a Base 13 para regular o POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, partindo das Bases iniciais reguladoras do POS+ 2020, que foran aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 208 do 31 de outubro de 2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Melloras de pavimentación e seguridade vial nas pistas de Orois a Maceda e outras”, do Concello de Melide, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles co código 2020.2102.0350.0, que foi aprobado mediante o Acordo Plenario desta deputación provincial adoptado na sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia desta deputación número 24870 do 24 de agosto de 2020, que aínda non está adxudicado, coa única finalidade de eliminar a actuación prevista na Pista do Señorito (actuación nº 7 do proxecto), dado que con posterioridade á redacción do proxecto inicial, advírtese que nesta pista era preciso un cambio de material, o que supón que non se trata simplemente dunha repavimentación, polo que se facía preciso solicitar autorizacións á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e á Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, o que suporía un retraso no resto das actuacións de mantemento das outras pistas municipais contidas no proxecto, as cales precisan acometerse de xeito urxente, sendo unicamente necesaria para o resto das actuacións recollidas neste proxecto modificado á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a cal autorizou as obras o 14 de maio de 2021, que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sendo os seus datos os que figuran na seguinte táboa:

Modificado "Melloras de paviment. e seguridade vial pistas de Orois a Maceda e outras" 2020.2102.0350.0 Melide	Proxecto inicial	Proxecto modificado	DIFERENZA
Deputación	208.732,86	208.732,86	0,00
Concello	41.703,82	38.255,87	3.447,95
Total	250.436,68	246.988,73	3.447,95

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Melide para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

15.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Construcción de pista de patinaxe de velocidade en Bastiagueiro" do Concello de Oleiros, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0715.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Logo de ver que o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 20 de decembro do 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 1791 do 22 de xaneiro de 2020, aprobou a 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no marco das súas Bases reguladoras.

Logo de ver que no Anexo II a este acordo do Pleno provincial figura a listaxe completa dos investimentos financeiramente sostíbeis que se inclúen na 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Oleiros denominada " Construcción de pista de patinaxe de velocidade en Bastiagueiro ", co código 2019.2001.0715.0

Logo de presentar o Concello de Oleiros un proxecto técnico modificado desta obra, que xa está adxudicada, con incremento do seu orzamento de contrata, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario da obra, así como con todos os informes técnicos e xurídicos favorables necesarios para a modificación do proxecto, e que así mesmo conta con informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.-Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Oleiros denominada " Construcción de pista de patinaxe de velocidade en Bastiagueiro", incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0715.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 20 de decembro do 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 1791 do 22 de xaneiro de 2020, que non implica unha variación nin da súa finalidade nin do seu obxecto, aínda que supón un incremento do seu orzamento, como consecuencia da actualización das medicións e da introducción de novas unidades de obra.

Proxecto Modificado "Construcción de pista de patinaxe de velocidade en Bastiagueiro" Concello de Oleiros 2019.2001.0715.0				
		Contrata	Adjudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	413.561,13	348.637,30	64.923,83
	Concello	16.858,58	0,00	16.858,58
	Total	430.419,71	348.637,30	81.782,41
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	413.561,13	348.637,30	64.923,83
	Concello	74.536,04	46.718,39	27.817,65
	Total	488.097,17	395.355,69	92.741,48
DIFERENZA	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	57.677,46	46.718,39	10.959,07
	Total	57.677,46	46.718,39	10.959,07

2. A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/3421/76201 do vixente orzamento provincial. Respecto ao financiamento do incremento experimentado con motivo desta modificación do proxecto é asumido integramente polo Concello de Oleiros, que acredita ter crédito adecuado e suficiente no seu orzamento municipal.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Oleiros para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, e Ponteceso para regular o "Proxecto Anllóns".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o proxecto consistente na creación dunha comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados, que estará participada pola Deputación máis os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso, converténdose nun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e definido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial, que non terá personalidade xurídica propia, nin disporá de orzamento, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento de turismo, actividades recreativas e culturais, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico urbanísticos e servizos técnicos-administrativos.

2º Aprobar o texto do convenio que establece as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso, para regular o proxecto "Anllóns".

A firma deste convenio non supón achega provincial algunha, tan só implica cooperación na xestión, cometidos e traballos propios das accións conxuntas, a través de medios persoais e materiais, co resto de corporacións locais partícipes.

3º.- Designar como representantes da Deputación Provincial da Coruña no proxecto Anllóns ao Vicepresidente da Deputación e Deputado de Cooperación, Plans Provinciais xerais, Turismo e Patrimonio histórico e cultural D. Xosé Regueira Varela e ao Deputado de Infraestructuras viarias, Vías e Obras provinciais, D. José Manuel Pequeño Castro.

4º.- Facultar ao Presidente para canto proceda en orden á sinatura e execución do presente acordo.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA LARACHA,

CABANA DE BERGANTIÑOS, CARBALLO, CORISTANCO E PONTECESO, PARA REGULAR O “PROXECTO ANLLÓNS”

Na cidade da Coruña, o ... de ... de

REUNIDOS

D...., presidente da Deputación Provincial da Coruña,
D. ..., alcalde-presidente do Concello da Laracha
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Cabana de Bergantiños
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Carballo
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Coristanco
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Ponteceso

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sostibilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de actividades e dos servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sostibilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de

representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS

Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios con poboación (ata un máximo de 25.000 habitantes, como cifra orientativa) que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos– serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sustentable o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínste, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e

culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade das actividades e servizos públicos,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **Proxecto Anllóns**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do **Proxecto Anllóns**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, a este resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do Sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto Anllóns. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades

asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor da arquitectura tradicional e da paisaxe do río Anllóns.

2. As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na Base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades a desenvolver (memoria, plan director e programa de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente, rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sostibilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase á súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

3. Asemade, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións que vai realizar o Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento desempeñe a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h 1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométense a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo sexta.

Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Programa de actuación que deberán contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
- Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.
- Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de Ordenanza de taxas o prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.

- Proposta sobre a forma de xestión do proxecto Anllóns (directa, indirecta, mixta, con prestacións accesorias externalizadas), mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. Asemade, tamén será un requisito previo para a xestión compartida do proxecto Anllóns, a aprobación da Memoria e Programa director, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos, que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

0 Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.

1 Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.

2 Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da Ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se propuxera a xestión das actuacións que vai desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de Bases de Réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas Bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do Proxecto Anllóns estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. O dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, o Presidente poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá no titular da Alcaldía que corresponda, segundo un

procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear o Presidente que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
- c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa director e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sostibilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio.
- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Con todo, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décimo primeira.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña o Presidente ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, o Presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións do Presidente.

Corresponde ao Presidente exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar as entidades partícipes en relación coa xestión do Proxecto Anllóns.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes Bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común das Administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan director, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.
2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, co expediente tramitado previamente para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sétima.- Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes Bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.
2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:
 - a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
 - b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
 - c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.
3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, logo da constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na Base oitava.
2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará os técnicos responsables da elaboración do Plan director, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio."

17.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para financiar o proxecto "Acondicionamento de senda peonil de Oroso Pequeno ao Parque Fluvial do Río Carboeiro"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O Camiño Inglés é unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago. As peregrinacións históricas que elixían este itinerario chegaban á costa galega a través de Ferrol e A Coruña, sendo o punto de partida das dúas alternativas desta ruta terrestre.

A posta en valor do Camiño Inglés tradúcese, non só en actuacións directas no camiño, senón que debe complementarse con actuacións que contribúan a mellorar o atractivo e interese turístico de todos os concellos e vilas polos que descorre dito camiño. Actuacións de carácter patrimonial, de posta en valor de recursos naturais, ou recuperación de elementos arquitectónicos que contribúan á recuperación de espazos comúns da cidadanía, valorizando e contribuíndo a posicionar as ditas vilas no contexto do camiño e no abanico de recursos turísticos que ofrecer ao visitante

As obras incluídas neste proxecto constitúen un servizo para un tramo do Camiño Inglés que non existe como elemento de comunicación continuo e "delimitado", senón que os peregrinos camiñan pola borde da rúa ou estrada, nalgúns sitios ocupando parte da calzada por non existir espazo libre, cos problemas de seguridade que iso implica.

O obxectivo final é o de potenciar o camiño como ruta en sí mesma, ruta que presenta un incuestionable atractivo para o peregrino, e ofrecer novos atractivos ao mesmo, lugares de interés, visitas culturais, actividades de ocio, equipamentos, etc. para que a experiencia do visitante e camiñante non quede cinguída só ao Camiño, senón que participe e desfrute de todos os atractivos que as vilas da ruta poden ofrecerlle, relax e descanso da peregrinaxe e enriquecemento persoal e cultural.

3º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE OROSO CIF P1506100E para o financiamento do **"ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO "**

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **163.601,14** euros, co que se executa e financia o 80,000 da obra por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, dacordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4322/76201, condicionada á existencia de crédito suficiente no exercicio 2022.

6º.- O texto do convenio quedaría do seguinte xeito:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO"

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de OROSO**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros

instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de OROSO considera de primeira necesidade as actuacións sobre, o **"ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO"**:

O Camiño Inglés é unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago. As peregrinacións históricas que elixían este itinerario chegaban á costa galega a través de Ferrol e A Coruña, sendo o punto de partida das dúas alternativas desta ruta terrestre.

O tramo obxecto deste proxecto, aínda que non é estrictamente parte do Camiño Inglés oficial pero serve como obra de servizo ao mesmo, encauzando o fluxo de peregrinos hacia o núcleo de Sigüeiro. Este tramo obxecto das obras non existe como elemento de comunicación continuo e "delimitado", senón que os peregrinos camiñan pola borde da rúa ou estrada, nalgúns sitios ocupando parte da calzada por non existir espazo libre, cos problemas de seguridade que iso implica.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar a ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de OROSO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de OROSO, con CIF P1506100E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO,

2.- A Deputación achega ao expediente exemplar do proxecto, sendo os Servizos Técnicos da Deputación os autores da redacción do mesmo. A entidade beneficiaria achega aprobación do mesmo así como certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios

para a execución das obras.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución das obras.

Demolicións e actuacións previas.....	4.568,62
Movementos de terras.....	7.482,60
Firmes e pavimentos	95.495,98
Xardiñaría.....	7.034,63
Varios.....	24.307,19
Seguridade e saúde.....	1.373,22
Control de calidade.....	371,84
Xestión de residuos.....	1.390,66
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL.....	142.024,74
Gastos xerais 13%.....	18.463,22
Beneficio industrial 6%.....	8.521,48
Imposto sobre o valor engadido (21%).....	35.491,98

Presuposto de execución por contrata

204.501,42

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **163.601,14 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados,

reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4322/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 54^a das de execución do Orzamento para o ano 2021, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
-

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta

xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio terá efecto retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro de 2021** e rematará o **28 de febreiro do 2022**, prorrogable por causas xustificadas.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do 31 de decembro de 2021**, deberá solicitar a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 30 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello

respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE OROSO

Asdo.: _____

Asdo. _____

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. _____ "

18.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xuño de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

19.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2021 e proxección a 31/12/2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de xuño de 2021, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2021, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2020 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 e o Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro acordaron suspender as regras fiscais

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

20.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao segundo trimestre de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraintcendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao segundo trimestre de 2021, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma."

21.- Dación de conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Dáse conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

22.- Aprobación da modificación singular e circunstancial do sistema de produtividade para o persoal que traballou no FIER durante o estado de alarma.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente relativo á modificación singular e circunstancial do sistema de produtividade para o persoal que traballou no FIER durante o estado de alarma onde consta o informe do Servizo de recursos humanos, a acta da reunión do Comité de seguridade e saúde de 16/03/2020, a certificación da sesión de 16/04/2021 do Comité

de avaliación da produtividade, o informe da dirección do Fogar Infantil Emilio Romay e o informe favorable da Intervención Xeral,

ACÓRDASE:

1. Aprobar a modificación singular e circunstancial do sistema de produtividade para o persoal que traballou no FIER, para inserir un novo factor na súa determinación no exercicio 2020 que ten presente o desempeño presencial das súas funcións e a actividade extraordinaria durante o período de confinamento motivado pola declaración do estado de alarma (do 14 de marzo ao 31 de maio de 2020).
2. Fixar o importe do novo factor nunha cantidade consistente no 100% da cantidade anticipada mensualmente en concepto de produtividade, correspondente ao nivel 22 do complemento de destino, en función do número de días traballados de forma presencial no Fogar Infantil durante o período do 14 de marzo ao 31 de maio de 2020.
3. Realizar os trámites necesarios para suplementar a partida do complemento de produtividade na cantidade de 30.304 € para facer fronte ao dito gasto."

23.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2021 de aprobación polo Pleno e a modificación da base 54ª das de execución do Orzamento 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2021 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 1.118.803,45 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		A.2) Baixas (fontes de financiamento):	
CE. Créditos extraordinarios:	420.000,00	Remanente de Tesourería:	748.803,45
SC. Suplementos de crédito:	698.803,45	Baixas por anulación:	370.000,00
Total aumentos:	1.118.803,45	Total financiamento:	1.118.803,45

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	30.304,00	0,00
2. Gastos correntes	60.000,00	250.000,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	668.499,45	120.000,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	0,00	0,00
7. Trans. de capital	360.000,00	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	1.058.803,45	370.000,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Enaxenación investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	748.803,45
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	748.803,45

2.- Aprobar igualmente a modificación da base 54ª de execución do orzamento do exercicio 2021 no que aparece entre outras subvencións a seguinte:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE
0510/3341/46201	P15016001	Concello de Camariñas	Organización Mostra Encaixe Camariñas 2021	60.000,00

Agora figurará:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE
0510/3341/46201	P15016001	Concello de Camariñas	Organización Mostra Encaixe Camariñas 2021	100.000,00

3- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2021 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta os acordos adoptados polo Consello de Ministros do 6 de outubro e polo Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro de 2020 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2020 e 2021 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

7.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará trámite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do

expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar.

8.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

24.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2021 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2021 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

25.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2021 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2021 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26.- Dación de conta das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Xullo, Agosto, Setembro e Outubro de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Xullo, Agosto, Setembro e Outubro de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios

27.- Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 29204/2021 de data 08/07/2021 pola que se aproban as Normas Básicas de actuación ás que deben axustarse as entidades financeiras para prestar o servizo de colaboración na recadación de tributos e demais ingresos de dereito público xestionados pola Deputación da Coruña.

Dáse conta da Resolución pola que se aproban as Normas Básicas de actuación ás que deben axustarse as entidades financeiras para prestar o servizo de colaboración na recadación de tributos e demais ingresos de dereito público xestionados pola Deputación da Coruña

28.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co CONCELLO DE VEDRA, para cofinanciar as actividades do proxecto de "POSTA EN MARCHA E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN", dentro do Plan de Emprego Local

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vedra", CIF P1509000D, para regular a achega de 58.100,00 € para cofinanciar o proxecto de "POSTA EN MARCHA E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN", cun orzamento de 73.100,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento de 79,48 % .

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210026148.1, da Partida 0520/24100/46201, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ata o 30 de novembro de 2022.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO "POSTA EN MARCHA E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN", DENTRO DO

PLAN DE EMPREGO LOCAL

Na Coruña a ... de de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en
representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en
representación do Concello de Vedra

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Vedra consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Vedra, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vedra, CIF P1509000D, para o financiamento do Proxecto de "Posta en marcha e dinamización do centro de emprendemento A Estación" do concello de Vedra.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello de Vedra levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Accións de difusión e publicidade	11.600,00€
Deseño da sinalética xeral do espazo	3.600,00€

Deseño e impresión de carteis e folletos	1.500,00€
Merchandising promocional	1.500,00€
Publicidade en medios de comunicación	3.000,00€
Deseño de espazo web	2.000,00€
Soldos e salarios	11.000,00€
Seguridade social a cargo da entidade	4.000,00€
Asistencia técnica para o servizo de asesoramento a proxectos produtivos	30.000,00€
Asistencia técnica para a impartición de accións formativas	14.500,00€
- Impartición de accións formativas COÑECETE	3.000,00€
- Impartición de accións formativas ACTÍVATE	3.500,00€
- Impartición de accións formativas REINICIA	3.000,00€
- Impartición de accións formativas especializadas	5.000,00€
Gastos de transporte e desprazamentos	2.000,00€
Total custo proxecto	73.100,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 58.100,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 79,48 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,48 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle ao Concello de Vedra de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para

afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Vedra o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Vedra axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Vedra tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.

2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello de Vedra.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54.7 das Bases de execución do orzamento para o ano 2021 e artigo 27.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Vedra, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre

o importe do orzamento subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Vedra estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Vedra, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Vedra na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Vedra terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de agosto de 2021 e o 31 de agosto de 2022**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Vedra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Vedra para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Vedra da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Vedra na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Vedra terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Vedra deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Vedra destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes

de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vedra poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Vedra queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación do Concello de Vedra serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Vedra será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro de 2022**.

2. Para o caso de que o Concello de Vedra non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **1 de outubro de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Vedra perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Vedra, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo de data___de _____de_____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Polo Concello de Vedra

Asdo.

Asdo."

29.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA, para cofinanciar o proxecto "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", en virtude do Acordo Marco de Colaboración vixente entre ambas as dúas entidades e a Fundación EOI, F.S.P, no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "Fundación Paideia Galiza", CIF G-15798655, para regular a achega de 145.275,00 € para cofinanciar o proxecto "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", cun orzamento subvencionado de 193.700,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 75 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210032987, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de abril de 2023

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROXECTO "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", EN VIRTUDE DO ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN VIXENTE ENTRE AMBAS AS DÚAS ENTIDADES E A FUNDACIÓN EOI, F.S.P, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2021

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación da Fundación Paideia Galiza (en adiante Fundación Paideia),

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña, a Fundación EOI, F.S.P (en adiante EOI) e a Fundación Paideia, teñen suscrito un Acordo Marco de Colaboración para o desenvolvemento de programas formativos para colectivos de persoas mozas e para o establecemento de liñas de investigación e xeración de coñecemento, a través dunha colaboración público- privada.

Que o obxecto desta colaboración é o desenvolvemento do proxecto "Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo", dado os intereses coincidentes en potenciar o emprego xuvenil a través do autoemprego e o emprendemento colectivo nun sector con perspectivas laborais para a xente moza.

Que o Acordo Marco mencionado non comporta compromisos de aportación económica e establece que as actuacións que no marco do proxecto requiran financiamento para a súa execución, serán obxecto de regulación mediante convenio específico.

Que en virtude do anterior, a EOI e a Fundación Paideia teñen asinado un convenio específico para a regulación do desenvolvemento das actividades formativas e das actividades de xeración de coñecemento (fase 1 do proxecto)

Que en virtude do dito Acordo Marco, a Fundación Paideia e a Deputación da Coruña, no marco dos seus fins e competencias,

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, CIF G-15798655, para o financiamento das fases 2, 3 e 4 do proxecto “Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo”, cuxo obxectivo consiste en mellorar a empregabilidade da xente moza da provincia da Coruña no sector do marketing dixital, a través de modelos de traballo cooperativo. O proxecto consiste en formar a mozas e mozos da provincia da Coruña de entre 18 e 29 anos, en situación de desemprego e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, e darlles a coñecer as posibilidades de autoemprego e emprendemento colectivo no sector do marketing dixital, aportando formación práctica na creación e xestión dunha cooperativa.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación Paideia levará a cabo as seguintes actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	ANUALIDADE		TOTAL
	2021	2022	
Fases 2, 3 e 4			
Premio para a constitución e posta en marcha de 2 cooperativas	0,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €
Gastos Demoday e selección proxectos premiados	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €
Gastos de persoal (nóminas e Seguridade Social):	9.040,00 €	44.160,00 €	53.200,00 €
- Mentor/ dinamizador	8.040,00 €	32.160,00 €	40.200,00 €
- Persoal administrativo	1.000,00 €	12.000,00 €	13.000,00 €
Gastos de actividade (desprazamento mentor):	1.500,00 €	3.000,00 €	4.500,00 €
Publicidade e difusión	1.500,00 €	1.500,00 €	3.000,00 €
Gastos xerais:	2.000,00 €	4.000,00 €	6.000,00 €
- Subministros	500,00 €	1.000,00 €	1.500,00 €
- Teléfono e internet	500,00 €	1.000,00 €	1.500,00 €
- Material de oficina e informáticos	500,00 €	1.000,00 €	1.500,00 €
- Limpeza	500,00 €	1.000,00 €	1.500,00 €
Total custo proxecto	21.040,00 €	172.660,00 €	193.700,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **145.275,00€**, o que representa unha porcentaxe do 75,00% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021	0520/24100/481	15.780,00€
2022	0520/24100/481	129.495,00€
		145.275,00€

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Fundación Paideia de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades

vinculadas á Fundación Paideia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

3. No caso de que a Fundación Paideia tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Fundación Paideia.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán atermos ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou

convenio correspondente.

d) En todo caso a entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondo para atender a actividade Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo”. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado unha infracción simple e sancionada co importe que resulte de aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Fundación Paideia, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. A Fundación Paideia estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores

co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A Fundación Paideia estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de xuño de 2021 e ata o 31 de decembro de 2022.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á

Fundación Paideia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Paideia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Paideia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente ser poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Fundación Paideia poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xuño de 2021 e ata o 31 de decembro de 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril de 2023**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Fundación Paideia non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de abril de 2023**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá aprobar por resolución da presidencia a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2023**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e a presidenta da Fundación Paideia, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Asdo:

Pola Fundación Paideia Galiza

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo."

30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA para cofinanciar o proxecto "GREENCOWORKING AS PONTES", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "Asociación de Empresarios SEARA", CIF G-15839491, para regular a achega de 49.720,00€ para cofinanciar o proxecto "GREENCOWORKING AS PONTES", cun orzamento subvencionado de 62.150,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210034087, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de outubro de 2022

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA PARA FINANCIAR O PROXECTO "GREENCOWORKING AS PONTES", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2021

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte D.en representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D., con DNI núm....., en representación da Asociación de Empresarios SEARA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA, consideran de grande interese para a provincia, potenciar as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal para convertelas no polo enerxético de Galicia mediante o apoio a iniciativas e proxectos innovadores no sector das enerxías renovables, o apoio ao emprendemento neste sector e mellorar a empregabilidade nestas comarcas e na provincia en xeral. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas nun sector estratéxico de crecemento sostible na provincia da Coruña.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Empresarios SEARA, no marco dos seus fins e competencias,

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA, CIF G-15839491, para o financiamento do proxecto “Greencoworking As Pontes”, de enerxías renovables e hidróxeno, cuxo obxectivo consiste en crear un espazo de traballo conxunto, ubicado no Centro de Dinamización Empresarial e Incubadora de Empresas da Asociación de Empresarios SEARA, que albergue iniciativas relacionadas coa cadea de valor xerada polas grandes industrias tractoras no sector enerxético, e apoialas nos seus primeiros anos de vida para o seu asentamento definitivo no territorio. Con isto, o proxecto pretende a creación de proxectos innovadores a través das sinerxias creadas ao convivir varios proxectos do mesmo sector; mellorar a empregabilidade; potenciar a economía das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal a través da diversificación e xurdimento de servizos auxiliares en torno ao sector das enerxías renovables e

converter o territorio de actuación no polo enerxético de Galicia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación de Empresarios SEARA levará a cabo as seguintes actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADE	IMPORTE
Labores de dirección e asesoramento (persoal propio da entidade)	32.500,00€
Labores de promoción: eventos e xornadas (asistencia técnica)	4.000,00€
Labores de difusión: campaña publicidade (asistencia técnica)	3.000,00€
Adaptación de sinalética e rotulación (subcontratación)	15.000,00€
Material consumible (subcontratación)	2.000,00€
Outros gastos xerais (10%)	5.650,00€
TOTAL	62.150,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **49.720,00€**, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non

supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Empresarios SEARA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Empresarios SEARA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

3. No caso de que a Asociación de Empresarios SEARA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no “Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial”, mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.

2. Así mesmo, na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Asociación de Empresarios SEARA.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán atermos ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso a entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondo para atender a actividade Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo”. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado unha infracción simple e sancionada co importe que resulte de aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Asociación de Empresarios SEARA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:

- empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 4. A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Empresarios SEARA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de setembro de 2021 e ata o 31 de agosto de 2022.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Empresarios SEARA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións

(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Empresarios SEARA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación de Empresarios SEARA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Empresarios SEARA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Empresarios SEARA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración, para os efectos de imputación dos gastos abranguerá os devengados **dende o día 1 de setembro de 2021 e ata o 31 de agosto de 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2022**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Asociación de Empresarios SEARA non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 31 de outubro de 2022**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá aprobar por resolución da presidencia a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2023**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Empresarios SEARA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o presidente da Asociación de Empresarios SEARA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Pola Asociación de Empresarios
SEARA

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo."

31.- Aprobación da desestimación da reclamación presentada contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da deputación da Coruña, e aprobación definitiva de dita modificación

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Cumprido o día 19 de xullo o prazo de 30 días de información pública, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da deputación provincial da Coruña, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da deputación da Coruña, este servizo comproba no rexistro xeral provincial a recepción de posibles reclamacións o suxestións.

Na comprobación realizada no rexistro xeral provincial unicamente se constata a presentación, con data de 19 de xullo, dunha alegación contra a aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora de subvencións e transferencias da deputación da Coruña, presentada por Juan Bautista Suárez Ramos (DNI xxx7759xx), na que se solicita:

"Que coa admisión da presente reclamación, logo do seu estudo e emisión dos informes preceptivos, o Pleno da Corporación aprobe definitivamente a modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, aténdose estritamente ao contido do acordo inicial (modificación do réxime de infraccións e sancións), pero deixando sen

efecto a derogación do artigo 4.3 de dito texto normativo."

Sobre esta alegación informan en sentido desestimatorio o servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, o Secretario Xeral e a Intervención xeral, propoñendo a aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora de subvencións e transferencias da deputación da Coruña coa redacción inicialmente aprobada, que foi publicada no Boletín oficial da provincia núm. 104 do 4 de xuño de 2021.

No devandito informe do servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente se menciona a urxencia da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza, considerando que esta modificación se realiza coa finalidade principal de mellorar a aplicación do seu réxime sancionador e, por tanto, procede que a alegación presentada sexa analizada no prazo máis breve posible.

De conformidade co considerado, procede:

1º. Desestimar a reclamación presentada á aprobación inicial da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, que afecta aos seus artigos 4.3, 44, 45, 46, 47 e 48, disposición transitoria e disposición final.

2º. Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza reguladora de subvencións e transferencias da deputación da Coruña coa redacción inicialmente aprobada.

3º. Publicar o contido íntegro da ordenanza no Boletín oficial da provincia da Coruña, logo da aprobación definitiva da modificación do seu texto, como requisito para a entrada en vigor da ordenanza modificada, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

32.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Manuel María Durán Guillán

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Perdón. Si es posible, me gustaría, porque hoy nos dejan siete compañeros de grupo. Yo, previo a que se vayan, me gustaría decir dos palabras nada más. Yo públicamente dar las gracias por su trabajo y por su compromiso. Es una pena que les haya tocado estar en esta parte de legislatura con todas las complicaciones que ha tenido y que ha dificultado el desarrollo de su actividad en la oposición, si bien es verdad que gran parte de ellos se han centrado en trabajar en sus ayuntamientos para combatir, los que estaban siendo gobierno, los efectos de esta pandemia. Yo simplemente públicamente dar las gracias por su trabajo, por su compromiso y yo creo que cuando se está en la Diputación ya se forma parte de ella para siempre de alguna manera y dejar claro que este siempre será su grupo, y espero que ahora el presidente intervenga diciendo que esta siempre será su casa también.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

A sus órdenes.

Seguimos. Ben, son 7 puntos iguais; evidentemente que hai que votar primeiro a inclusión e despois a votación

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputado provincial por don Manuel María Durán Guillán, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, con-sonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Manuel María Durán Guillán.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do

régime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a dona María Teresa Villaverde Pais, primeira suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Noia nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Noia".

33.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Antonio Fernández Angueira

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputado provincial por don Antonio Fernández Angueira, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Antonio Fernández Angueira.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do régimen electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Valentín Alfonsín Somoza, segundo suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago nas eleccións locais de 2019, consonte a certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago, tendo en

conta que o primeiro suplente é xa deputado provincial por cubrir o posto que quedou vacante por renuncia anterior".

34.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Luis Fernández Mouriño

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado/a (PSOE)

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputado provincial por don José Luis Fernández Mouriño, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don José Luis Fernández Mouriño.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don José Francisco Santos Regueiro, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial da Coruña nas eleccións locais de

2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña."

35.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia da deputada Dona Dalia García Couso

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputada provincial por dona Dalia García Couso, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por dona Dalia García Couso.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Ignacio Codesido Barreiro, terceiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago, tendo en conta que o primeiro suplente é xa deputado provincial por cubrir o posto que quedou

vacante por renuncia anterior e que o segundo suplente está proposto para substituír a outro deputado renunciante".

36.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Pablo González Cacheiro

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputado provincial por don José Pablo González Cacheiro, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don José Pablo González Cacheiro.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Antonio Deibe Sanmartín, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por

parte do Partido Popular no partido xudicial de Betanzos nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos".

37.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia da deputada Dona María Beatriz Molinos Vidal

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputada provincial por dona María Beatriz Molinos Vidal, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputada provincial, presentada por dona María Beatriz Molinos Vidal.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don José Javier Pego Sampedro, segundo suplente dos deputados provinciais elixidos por

parte do Partido Popular no partido xudicial de Noia nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Noia, xa que a primeira suplente substitúe a outro deputado renunciante".

38.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Muíño Domínguez

Procédese a votar a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito que tivo entrada no rexistro xeral o día 19 de xullo de 2021 a renuncia á súa condición de deputado provincial por don José Muíño Domínguez, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don José Muíño Domínguez.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don José Luis Pérez Añón, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Carballo nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Carballo".

Sr. Presidente

Pois nada, agora si tocar en primeiro lugar, recordábame o interventor que ao mellor algún de vós queredes facer algún comentario, despedirvos; se queredes aproveitar algún de vós... Dádesvos por despedidos? Vale.

Pola nosa parte, en nome de toda a Corporación, agradecervos de verdade a vosa presenza. Dicía agora unha realidade Evaristo, que nos quedará na memoria que nos tocou xestionar esta institución no peor momento dos últimos 100 anos. Eu creo que só houbo un momento peor, que foi a Guerra civil, pero salvado ese período de tempo tan duro, foi o peor con diferenza e ogallá non lle toque a ninguén dos que veñan ter que xestionar algo así.

Quede na memoria que esta Deputación, entre todos nós, evidentemente os que vos ides, fomos capaces de reaccionar e estar bastante á altura das circunstancias de reorganizarnos, de priorizar. Fomos capaces e levades na vosa mochila de aumentar un 176% no ano da pandemia a asignación orzamentaria a protección social; un 75% a xeración de emprego; fomos capaces de aprobar os orzamentos en tempo e forma; e, como dicía ben antes o Sr. Ben, nun espírito superconstrutivo que esta Deputación está a proba de bombas, o cal non quere dicir que non debatamos, que non teñamos posicións moi distintas, pero nos temas importantes de verdade, de verdade eu nunca xamais, habendo seis grupos políticos aquí, que é a Deputación máis plural da historia, tiven a sensación de que puidese caer algo importante na casa por non ter as maiorías, nunca, xamais. Creo que ese espírito é o máis valioso que se sementou aquí polas corporacións anteriores, dende hai décadas, e que non podemos estragar entre nós. Polo tanto, pola parte que vos toca en nome de todos nós moitísimas grazas polo labor, e seguimos véndonos.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control: hai unha primeira moción presentada polo Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre enerxía eólica mariña. E hai algunha emenda, unha do BNG.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre enerxía eólica mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mar conflúen multitude de actividades de interese social, económico e medioambiental que cómpre ordenar e conciliar para aproveitar ao máximo as súas potencialidades sen comprometer o seu uso futuro.

A pesca é motor económico e fonte de emprego, estratexia de soberanía alimentaria, identidade, cultura, patrimonio e sostén de comunidades costeiras. Este recurso debe

ser protexido e tamén coidado con esmero para poder seguir aproveitándoo nas vindeiras xeracións.

A enerxía eólica offshore representa unha oportunidade de abordar a loita contra o cambio climático e o pico do petróleo empregando fontes de enerxía renovables e que non emitan gases invernadoiro. A súa implementación debe ser regulada e ordenada para aproveitar ao máximo as súas potencialidades e evitar ao mesmo tempo impactos negativos na pesca e na biodiversidade.

Dende este punto de vista, o sector pesqueiro da provincia da Coruña traslada a súa preocupación polos conflitos de uso que se están xestando no espazo marítimo, e en particular pola expansión dos aproveitamentos eólicos sobre caladoiros onde faena a frota.

Na actualidade, dous plans e proxectos en exposición pública espertan as alarmas do sector debido ás negativas repercusións que terían no caso de chegar a materializarse:

Por unha banda, a instalación dun parque eólico mariño nos caladoiros San Cibrao e San Brandán, proxectado sen consulta previa co sector e sen supervisión do Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, no que están presentes tanto a Xunta de Galicia coma os sectores implicados. As implicacións deste plan foron debatidas na Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña do pasado 16 de xullo de 2021.

Dito parque eólico afectaría a case 150 km² de importantes zonas de pesca entre Cedeira e Burela, nas que faena tamén frota con base nos portos da provincia da Coruña, o que pode acarrear un impacto inasumible na pesca e irreversible para a nosa economía..

Por outra banda, o Ministerio de Transición Ecolóxica redactou o Plan de Ordeación do Espazo Marítimo da zona Noratlántica co obxectivo de conciliar os diferentes aproveitamentos do mar. O sector pesqueiro bota en falta que o Ministerio considere a pesca extractiva unha actividade prioritaria acorde coa súa relevancia, e que a protexa así fronte a conflitos de uso con outros aproveitamentos, como é o eólico.

Por todo isto, o pleno da Deputación da Coruña acorda o seguinte:

- 1.- Manifestar o seu apoio ao sector pesqueiro.
- 2.- Instar ás administracións da Xunta e do Estado a considerar a pesca un sector prioritario a protexer nos plans de ordenación dos espazos marítimos
- 2.- Instar ás administracións da Xunta e do Estado a que todos os proxectos de aproveitamento eólico mariño sexan avaliados polo Observatorio constituído a tal efecto
- 3.- Instar ás administracións da Xunta e do Estado a descartar a implantación de parques eólicos mariños que teñan repercusións negativas nos caladoiros, tal e como aprobou o Parlamento de Galiza vía proposición non de lei.

4.- Instar ao goberno provincial a prestar asistencia aos municipios costeiros da provincia da Coruña.

5.- Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, aos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado , así como as confrarías de pescadores da nosa provincia.

Sr. Lema Suárez

Hai unha emenda aceptada do BNG e unha proposta para votar por puntos esta moción que tamén foi aceptada.

En primeiro lugar quero sumarme tamén á despedida aos compañeiros do Partido Popular que marchan e desexarlles moita sorte no futuro, e tamén que foi un pracer compartir esta Corporación con todos eles, desde as diferenzas políticas, que creo que non fai falta subliñar, pero que non impida que haxa sempre un trato bo e cordial entre nós, como creo que desde logo houbo, non?

Imos falar unha vez máis do sector enerxético e tamén do que creo que sen exaxeración podemos cualificar como a invasión eólica do noso país, unha invasión que creo que non ten unha base económica real nun país excedentario nun 30% en produción eléctrica, como é o noso, que obedece a razóns, polo tanto, que son alleas ás nosas necesidades, ás nosas razóns, e que ademais non se limita como ata agora a, dalgunha maneira, por non empregar un verbo moi dramático, a afectar ás zonas rurais e ás zonas interiores, senón que tamén se estende, como se denuncia nesta moción agora, pois ás zonas costeiras e ao noso mar, o mar que está moi preto de aquí, fronte á costa de Cedeira.

Trátase dunha poligonal de 600 km cadrados que pretende instalar a empresa Iberdrola, a empresa dirixida por Ignacio Sánchez Galán, que creo que a moitos lles soarán algúns testemuños gráficos desta persoa e tamén que está incluído tamén nalgún que outro expediente xudicial por espionaxe e por outro tipo de prácticas que creo que están lonxe de resultar decorosas. Pero, indo ao asunto, o que pretende instalarse é un megaparque eólico nunha zona que é dun gran aproveitamento pesqueiro para toda a frota de baixura do norte do país, cunha afectación especial, por certo, á nosa comarca e tamén á nosa provincia no seu conxunto.

Esta é unha moción que parte tamén de declaracións xa feitas desde o propio sector, desde a propia presidencia da lonxa coruñesa, o maior mercado de peixe fresco de todo o Estado e un dos maiores do mundo tamén que, desde logo, o que estamos a ver, con actuacións como estas, é que non son prioritarias nin para o Goberno do Estado e sospeitamos que tampouco en toda a medida precisa para o Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o anterior, que podíamos ampliar o argumentario, propoñemos a adopción dos seguintes acordos, despois os compañeiros do BNG engadirán, supoño, os seus matices a estes acordos, que, como dixen antes, foron incorporados por nós á moción final. Os acordos son os seguintes:

1. Manifestar o noso apoio ao sector pesqueiro.

2. Instar as administracións da Xunta e do Estado a considerar a pesca un sector prioritario a protexer nos plans de ordenación dos espazos marítimos. Instar as administracións da Xunta e do Estado a que todos os proxectos e aproveitamento eólico mariño sexan avaliados polo observatorio constituído para tal efecto.

3. Instar as administracións da Xunta e do Estado a descartar a implantación de parques eólicos mariños que teñan repercusións negativas nos caladoiros, tal e como aprobou o Parlamento de Galiza vía proposición non de lei.

4. Instar o Goberno provincial a prestar asistencia aos municipios costeiros da provincia da Coruña.

5, e último. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, aos gobernos da Xunta de Galiza e ao Estado, así como ás confrarías de pescadores da nosa provincia.

Grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Moi bo día a todos e a todas. Evidentemente e para comezar, e tendo en conta que hai un número importante de compañeiros e compañeiras que hoxe se despiden, pois quería sumar nesta despedida agradecendo e poñendo en valor este tempo que, evidentemente, como xa se dixo reiteradamente, seguramente foi o máis duro e difícil que seguramente nin tan sequera chegamos a imaxinar. Poñer de relevo, efectivamente, a capacidade de diálogo e o ánimo construtivo para sacar adiante medidas, en especial no ámbito do social, para poder contribuír a saír o mellor posible desta crise. Agardo que vos quede un bo camiño por diante e que os tempos que veñan, evidentemente, nos liberen de tantísima presión e preocupación, e expresar aquí o noso agradecemento e desexarvos o mellor, vale?

En relación agora á moción que presenta o Grupo da Marea, como ben se dixo, o noso Grupo presentou unha emenda que consiste, en relación ao punto primeiro, en engadir o marisqueo xunto coa pesca como sector afectado e quedaría do seguinte xeito: “manifestar o noso apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro”.

En relación ao punto segundo, propoñemos un engadido e quedaría, despois de pesca quedaría do seguinte xeito: “instar as administracións da Xunta e do Estado a considerar a pesca e o marisqueo sectores prioritarios a protexer nos plans de ordenación dos espazos marítimos e solicitar que se declare Galiza como zona altamente dependente da pesca”. O sentido evidente deste punto é entender que a convivencia con proxectos de eólica mariña ten importante impacto e interfere tanto no que é a actividade propia da pesca e tería tamén á súa vez impacto no resto da cadea produtiva de transformación vinculada a un sector tan importante e con tanto peso no PIB do noso país.

E, por último, en relación co punto 3, e tendo en conta a existencia dun acordo do Parlamento galego, ben é certo que de maio do 2009, no que se acadou consenso

por parte de todas as forzas políticas respecto da implantación eólica en Galicia, e entendendo que, tanto o marco legal administrativo, así como o estudo estratéxico ambiental do litoral estatal para a implantación de parques eólicos mariños ata o de agora non sufriron cambios substanciais, entendemos que o lóxico sería manter ese posicionamento en especial –volvo insistir– atendendo ao impacto que a instalación destes parques tería sobre unha actividade tan importante para o noso país como é a pesca.

Dicir tamén que estes proxectos eólicos veñen na mesma liña que os de eólica terrestre, é dicir, sen ter unha vinculación, un retorno económico comprometido co país, e que, á súa vez, non está avaliado debidamente o impacto e interferencia que ten con outras actividades económicas importantísimas, esenciais e estratéxicas para o noso país.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Sumándome tamén a esta despedida a todos os compañeiros que hoxe deixan esta Corporación e que ao longo destes dous anos traballaron ou traballamos conxuntamente en prol dos intereses dos veciños e veciñas da provincia da Coruña, polo tanto, moita sorte a partir de agora.

Nesta moción nós, como trasladamos xa ao voceiro da Marea, non poderíamos aceptar ou non votariamos a favor do punto 3 se aceptasen as emendas do BNG, o terceiro punto desa emenda, porque basicamente ese acordo do Parlamento de Galicia o que viña era a prohibir a eólica mariña, e entendemos que non ten sentido, sería contraproducente para os intereses económicos e industriais entre outras da comarca de Ferrolterra e, como ben sabedes, en Navantia Fene están a construír elementos que teñen que ver con este tipo de enerxía. Polo tanto, nós estaríamos dispostos a votar a favor da moción tal cal está. Se se aceptan as emendas, votariamos a favor do punto 1, do punto 2, do 4 e do 5, pero non así do punto 3 polo motivo que acabo de expoñer.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Gracias, presidente y buenos días a todos.

Bueno, yo muy brevemente para en primer lugar, una vez que se introduce el debate de la eólica marina en este salón de plenos con esta moción de la Marea, simplemente un poco explicar nuestro posicionamiento y qué pasa en relación con la eólica marina por considerarla una iniciativa de, entendemos, gran importancia para el futuro de Galicia. La generación de energía eólica desde parques marinos que se puedan establecer en la costa gallega entendemos que es una actividad que tiene un enorme potencial; estamos hablando de energía limpia, renovable, que no genera por tanto emisiones de carbono, que tiene un impacto paisajístico y ecológico desde luego muy inferior al que tienen incluso otras energías renovables y que, a todas luces, supondría un impulso importante para la dinamización económica de nuestra tierra y, por supuesto, para la generación de empleo.

Hay estudios que señalan, que indican que Galicia tiene unas condiciones óptimas para desarrollar esta actividad, no solo por los kilómetros de costa que tenemos, por los espacios marinos con unas condiciones de viento de alta productividad, pero también por la experiencia, creo que ya probada, que hemos demostrado en la gestión de parques eólicos y en la evolución que esta energía ha sufrido en los últimos años, que permitiría la implantación de parques flotantes compatibles con otras actividades.

Desde luego, si algo creemos es que este tipo de iniciativas siempre tienen que tener la garantía de que en ningún caso afectarán a otros sectores, al ámbito, al sector pesquero, al sector marisquero y, por supuesto, siempre preservando el ecosistema. Se habla también en la propia moción de esos planes de ordenación del espacio marino que está desarrollando el Gobierno del Estado y en los que precisamente es en ellos en los que se tienen que identificar las localizaciones posibles para estos parques eólicos, pero siempre, insisto, preservando la actividad pesquera y, en general, la actividad marítima.

En cuanto a la moción –y también intentaré ser breve– la verdad es que la moción presentada por la Marea, teniendo en cuenta lo que acabo de decir, encajaría perfectamente en nuestros planteamientos y por tanto estaríamos dispuestos a asumirla completamente y a votar a favor íntegramente de esta moción. Si bien el planteamiento que se realiza por parte del BNG a través de la enmienda que ha presentado, no solamente no encaja con nuestro posicionamiento, sino que incluso, si se me permite, creo que ni siquiera encajaría con el planteamiento de la exposición de motivos que realiza la Marea, porque de hecho en la moción de la Marea se habla de la oportunidad que el sector eólico marino puede suponer como alternativa y como fuente de energía renovable. Por tanto, bueno, abre la vía a que en esas condiciones que acabo de mencionar se podría impulsar. Lo cierto es que llama la atención que el BNG incluya en esa enmienda un acuerdo del año 2009; evidentemente, desde el 2009 hasta ahora han pasado 12 años y llama la atención porque desde el 2009 hasta ahora incluso recientemente ha habido otros acuerdos que emanaron del Parlamento de Galicia en otro sentido. Sí que es cierto que esos acuerdos que se adoptaron por mayoría de otros grupos en cambio contaron con el voto en contra del BNG.

Nosotros creemos que la situación del 2009 no es la que hay hoy, que la evolución de la tecnología también hay que tenerla en cuenta y, desde luego, la sociedad evoluciona y nuestros partidos o este partido evoluciona; no creemos en el inmovilismo de otros partidos como el BNG, que en este caso prefiere quedarse y mantenerse en la situación del 2009. Nosotros defendemos los acuerdos adoptados recientemente y creemos que con esos condicionamientos, siempre preservando la actividad pesquera, la actividad marisquera y, por supuesto, el ecosistema, creemos que se puede estudiar, se puede evaluar la posibilidad de implantar parques de eólica marina en nuestro territorio como fuente de trabajo, como fuente de riqueza y, por tanto, abrir una puerta de futuro para Galicia. En todo caso, y un poco coincidiendo con el planteamiento del portavoz del Partido Socialista, nosotros, insisto, estaríamos dispuestos a asumir íntegramente la moción de la Marea si no se modifica y, en caso de que se incorporen las enmiendas del BNG, el punto tercero lo excluiríamos si se permite la votación por puntos y votaríamos en contra del mismo y a favor de los demás.

Nada más y gracias.

Sr. Lema Suárez

Ben, eu xa comecei a intervención dicindo que aceptabamos a moción do BNG e tamén a proposta feita de votación por puntos. E xa noutras ocasións comentamos aquí que a implantación masiva de parques eólicos no noso país non se pode facer á custa das nosas actividades económicas nin tampouco ignorar o seu impacto ambiental nin o impacto sobre o territorio, que non está convenientemente ordenado, tal e como denuncian os feitos xurídicos da doutrina do propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, di que non está adaptado o plan eólico ás necesidades e evolución técnica da propia industria eólica. É dicir, o Plan eólico de Galicia está feito nun contexto no que non existían muíños de 250 m de altura, que son os que agora hai.

Digo isto porque pode suceder que dentro de 60 anos nos atopemos cunha situación semellante á que padeceron hai escasamente un mes na Ribeira Sacra cando tentaron converter en Patrimonio da Humanidade esa zona da Ribeira Sacra precisamente. O que di o informe do ICOMOS, do instituto encargado de certificar a categoría, a calidade dos proxectos que se pretenden elevar con posterioridade á UNESCO, é que alí existen infraestruturas, refírense por suposto aos encoros, que están lonxe de ser compatibles coa protección dos elementos artísticos e non só artísticos, senón tamén de patrimonio natural e paisaxístico, compatibles con declarar iso Patrimonio da Humanidade. É dicir, un produtivismo e un extractivismo sen máis regra de conduta que maximizar o beneficio a curto prazo desde logo non é compatible a futuro con outras actividades económicas, neste caso unha actividade económica tan sensible como a da pesca, tan sensible como a da pesca.

Non estamos falando de que no futuro alguén pretenda facer outro tipo de actividades na costa galega, senón que estamos falando de que atinxe xa a un sector moi dinámico e moi importante da nosa comunidade e desta provincia en particular, que é a nosa e cuxos intereses defendemos nesta Cámara. Por tanto, nós pensamos, como xa dixemos noutras ocasións, que é un modelo extractivista, é un modelo monopolístico, é un modelo ademais que non está deixando retornos para o país en compensacións ben directas aos propietarios das zonas onde se instalan, ben indirectas nas cotizacións sociais para a Xunta de Galicia. Son todas, Iberdrola, Endesa, Naturgy, chámense como se chamen, todas sabemos que cotizan en Madrid, moi lonxe desde logo dos lugares de onde extraen os seus recursos, estamos, por tanto, nun modelo que, sen abusar da tendencia ideolóxica de cadaquén, podemos considerar colonial absolutamente.

E nós pensamos que as engédegas da emenda do BNG melloran a nosa moción porque fan referencia a un acordo do Pleno do Parlamento que nós descoñeciamos no momento de elaborar esta moción pero que, a raíz desa proposta do BNG, efectivamente entendíase que na costa galega deben ser prioritarios os usos pesqueiros e marisqueiros fronte a outro tipo de aproveitamentos. E polo tanto somos completamente favorables a esa proposta do BNG.

Sr. Presidente

O que si vos pido, porque mo pediron os sete deputados e deputadas que se

marchan, que sexamos breves que se queren marchar canto antes.

Sra. Muíño Filgueira

Ben, eu vou procurar ser correctísima con eles e elas e ser o máis breve posible. Simplemente o que quería era introducir un par de matices.

En relación á alusión dun acordo de 2009, e como facer referencia a el implica non moverse, considero que tropezar unha e outra vez na mesma pedra en relación ao asunto pois tamén implica, si é inmovilismo.

O acordo de 2009 facía referencia e asentábase no fundamento de que os proxectos eólicos mariños tiñan un impacto sobre o sector pesqueiro e marisqueiro galego e, polo tanto, ese impacto nas actividades non desaparece e penso que ten plena vixencia. O curioso é que deixe de ter a importancia que tiña no 2009 ese impacto nunha actividade tan estratéxica. Os propios informes dos proxectos eólicos sinalados fan referencia a este impacto na actividade pesqueira, así como no que é a zona poligonal destes parques está prohibida a actividade de pesca.

Nós, como forza política, estamos de acordo nunha transición cara a enerxías renovables máis limpas e si que apostamos por un modelo, efectivamente, que garanta o respecto polo medio, o equilibrio coas actividades xa existentes e que, evidentemente, sexa garantista dun retorno económico e de emprego garantido e sostible no tempo máis alá da construción puntual dun parque. Eu insisto, paréceme que xa o dixeran nalgunha outra ocasión, cada parque constrúese só unha vez. Polo tanto, nós cremos que ao que hai que avanzar é cara a modelos que realmente sexan garantistas e acordes cun proxecto de desenvolvemento industrial que diga canta enerxía temos que producir, como a temos que producir, cales son os espazos que realmente non limiten ou impacten noutras actividades que xa son estratéxicas e importantísimas no país, e tamén dicir claramente cal é o compromiso co país e como vai ser ese retorno económico. E nese sentido si mantemos esta posición e a defensa dese modelo produtivo que realmente xere riqueza e que deixe a ganancia do noso vento, das nosas condicións neste país, que é o que ten que ser.

Mentres que o que se priorice sexan os intereses económicos das empresas que, efectivamente sinalan a Galiza como un espazo óptimo para a xeración de máis enerxía e de modo máis barato, pois entendemos que os intereses que se están primando aquí non son os dos galegos e as galegas e que se están deixando de lado os intereses dun sector como é o da pesca, que mesmo onte aparecían declaracións nas que dicían “a complexidade que vían da convivencia da actividade de produción eólica coa actividade pesqueira”. Entón, mentres non haxa un consenso e estea garantido que non exista un impacto nesa actividade, pois nós mantemos a nosa postura porque en realidade as condicións que se vían como preocupantes e óptimas no 2009 non cambiaron nin gota.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, moi brevemente tamén.

A verdade é que, escoitando as intervencións, non queda claro se estamos en

contra da eólica mariña, se estamos en contra da eólica mariña se afecta ao marisqueo, se estamos en contra da eólica mariña nun sitio concreto e noutro non, porque escoitas argumentos para dicir que si a todas estas propostas que acabo de dicir. Se non queremos nucleares, se non queremos térmicas, se non queremos combustibles fósiles, hai que optar por este tipo de enerxías. Pero, se non queremos a eólica nos montes, se non queremos a eólica no mar, se non queremos fotovoltaica porque é moito máis invasora no territorio, nin maremotriz porque afecta moito máis á costa, pois, non sei, andar con dínamos por aí, como dicía antes un compañeiro de Corporación. Isto non o digo en referencia a ninguén, dígoo como reflexión en xeral.

Unha transición ecolóxica ten que ser transitar cara a algo, cara ao etéreo non. Non hai ningún sistema de produción de enerxía que non xere algún tipo de problema. Con isto non quero dicir que os que non apoiamos este punto número 3 digamos que se ten que montar á custa dos intereses da pesca e do marisqueo, porque non estamos a dicir que se instalen os parques eólicos en caladoiros de pesca ou en caladoiros de marisqueo, a costa é inmensa e hai espazo para que poidan convivir ambas as dúas, non estamos a falar de ocupar dos 4.000 km de costa que ten Galicia 3.900 con eólicos. Para iso precisamente ten que ser un proceso con todas as garantías legais, con eses informes de impacto medioambiental, que terán que definir se, efectivamente, esa zona é propicia ou non. Pero é que, se negamos calquera tipo de avance nesta materia, pois volvamos ás nucleares; é perigosa pero é unha instalación que non afecta ao territorio máis que onde está colocada. Entón, hai que ser un pouco consecuentes e un pouco responsables neste tipo de cuestións.

Esa proposición de lei ou esa proposta que se aprobaba no Parlamento no ano 2009 o que vén dicir, en base ao que comentabas, Sra. Muíño, é que non se poden facer parques eólicos en Galicia mariños. Ben, pois a ver que facemos. E non é dicir que non se fagan e que pensemos como se vai facer, pero é que as alternativas agora mesmo de xeración de enerxía, de xeración enerxética que poden competir coas contaminantes son as que son a día de hoxe. Outra cousa é que se siga apostando pola investigación e desenvolvemento para poder acadar outro tipo de sistemas, pero os que temos son os que son.

Polo tanto, repito, nós estamos a favor do fondo da moción, se se poden habilitar este tipo de parques, que se faga con todas as garantías legais medioambientais, etcétera, etcétera, que non afecten loxicamente aos sistemas produtivos do país, e máis ou menos neste caso á pesca e ao marisqueo, pero non prohibilos *per se*. Por tanto, nós votaremos a favor de todos os puntos, como dixeran, excepto dese punto número 3, que, como digo, *de facto* o que fai é prohibir a eólica mariña, en contra incluso dun acordo aprobado por unanimidade de todos os grupos no Concello de Ferrol, incluído o BNG e a Marea, onde se solicitaba impulsar a enerxía eólica mariña en Galicia. Isto fíxose no ano 2020, o 4 de xuño: “o Pleno da Corporación de Ferrol aproba por unanimidade unha declaración institucional destinada a impulsar a explotación da enerxía eólica mariña en Galicia”. Por tanto, non estamos dicindo nada que compañeiros destes grupos que defenden agora unha proposta pois un pouco distinta non estiveran a dicir no Concello de Ferrol, que nos parece acertada. Non é dicir apostar pola eólica mariña en todos os quilómetros de costa independentemente de que afecten ou non, senón de facelo con todas as garantías, pero algo hai que apostar por estes sistemas de xeración de enerxía que non son contaminantes.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Sí, muy breve también.

En relación con lo que se ha dicho de ese acuerdo del 2009, el acuerdo del 2009 vivíamos en otros momentos y es contrario claramente y de forma incondicional a la eólica marina, es no a la eólica marina. Nosotros no compartimos el no incondicional a la eólica marina.

Los acuerdos últimos del Parlamento de Galicia, insisto, solo con el voto en contra del BNG, pasan por evaluar asentamientos de parques en el contorno marino garantizando el respeto a la compatibilidad con actividades pesqueras y preservar el ecosistema. Este es nuestro posicionamiento y es el posicionamiento del Parlamento de Galicia actual, es lo que nosotros defendemos.

Yo de todas formas me gustaría saber cuál es el sistema energético de un partido como el del BNG, que dice que sí defiende las energías renovables, pero me gustaría saber cuáles, porque están en contra de los sistemas tradicionales, como la térmica, que ya sabemos que el futuro del carbón es el que es y eso no lo vamos a discutir; están en contra de la eólica terrestre; están en contra claramente también de la eólica marina; incluso cuestionan los embalses. Yo, de verdad, o volvemos al candil o no sé cuál es el futuro del BNG en materia energética.

Y, por otro lado, lo que no tiene sentido es que estemos apoyando la construcción de elementos de eólica marina en los astilleros de la ría de Ferrol y, al mismo tiempo que apoyamos la construcción de elementos para la eólica marina, estemos pidiendo que se prohíba la eólica marina en nuestra tierra. Desde luego, no tiene ningún sentido defender la compatibilidad de la actividad pesquera, de actividad marisquera, y defender el ecosistema creo que no es incompatible con estudiar las posibilidades para instalar parques de eólica marina en nuestro territorio.

Creo que ese es el posicionamiento, creo que estamos en esa fase, creo que se están redactando esos planes por parte del Gobierno del Estado precisamente para buscar esas ubicaciones y, quizás, si me preguntas, te diría que, efectivamente, hablar hoy de proyectos concretos a lo mejor es precipitado, precipitado, pero hablar de eólica marina no. Primero buscar localizaciones y después trabajar en proyectos concretos. Pero esa es la vía para el futuro energético de nuestra comunidad y, por supuesto, para la generación de empleo y para la dinamización económica en un momento en el que el sector industrial está pasando momentos muy complicados a mayores de la situación derivada de la pandemia.

Nada más.

Sra. Muíño Filgueira

Ben, por favor, desculpade co tema da brevidade, porque parece... A ver, cal é o posicionamento do BNG en relación ao modelo enerxético.

Mira, moitas veces en vez de argumentarios complexos, vou coller pois unha das preguntas que xurdiu nunha das asembleas para a presentación dun parque eólico concreto. Nunha comarca efectivamente como a de Ferrol, moi deprimida a nivel de emprego, ben o sabes ademais, Martina, a xente preguntou que que nos vai traer isto, cantos traballos trae, que queda aquí, que gastan estas empresas aquí. Cando souberon o retorno que tiña e o impacto dixeron que así non, a xente efectivamente sabe, e ese é o modelo que defende o BNG. Por moito que queiramos repetir unha e outra vez que o BNG está en contra das enerxías renovables, do desenvolvemento industrial do país, non é certo, o que si que di é que hai que cambiar o modelo, que o modelo que se aplique sexa garantista co retorno e a participación nos beneficios dos galegos e as galegas. E a día de hoxe iso non é así. Entón, para coller a instalación dos muíños e que aquí non quede nada, pois eu creo que, en defensa dos intereses da poboación, ao que lle temos que dar unha volta é ao modelo.

E efectivamente, coa eólica mariña, estamos falando de proxectos concretos aos que xa se teñen presentado alegacións. Entón, non estamos no tempo de planificar e pensar onde, estamos falando de proxectos concretos aos que haberá que dicir o impacto que teñen e presentar as alegacións e vamos volver a repetir a dinámica na que estamos agora mesmo presentando proxectos de parques que logo se atopan coa oposición de veciños, veciñas, alcaldes, alcaldesas, etc., etc.

Trátase aquí de facer as cousas ben. Se esa planificación, se non están ben delimitadas aquelas zonas que non teñen impacto sobre a pesca, se iso non está claro, non será o momento de estar falando de proxectos de eólica mariña. E iso é o que di o BNG; o BNG non está en contra das enerxías renovables, nin moito menos do desenvolvemento industrial do país, iso non é certo. O que di é que a planificación ten que redundar en beneficio do país, dos galegos e das galegas, e contribuír realmente a un desenvolvemento económico. Non pode ser que esteamos falando do interese de producir enerxía para os beneficios das grandes empresas, e realmente dubido que a construción, tamén resulta paradoxal defender, por certo que non me quería esquecer, defender os proxectos eólicos mentres neste país non deixan de pechar empresas que producen elementos, como Gamesa. Entón, eu creo que o argumento de que defender a eólica garante que queden as empresas, cae polo seu propio peso; acabamos de ver o peche da Gamesa en medio dunha explosión de proxectos eólicos que en ningún momento garantiu nin a continuidade da empresa nin a creación doutras empresas do sector.

Entón, o posicionamento do BNG ao que se refire é: con retorno cero, que eólica así non. Que o retorno para os galegos e galegas, os beneficios e os empregos teñen que estar garantidos e condicionados a estes parques. Iso é o que di, estamos a favor das enerxías renovables e efectivamente do desenvolvemento económico e do emprego e do desenvolvemento industrial do país.

Sr. Presidente

Votamos por puntos.

Procédese a votar cada punto co seguinte resultado:

Punto 1:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Punto 2:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Punto 3:

VOTACIÓN

Votan a favor: 7 deputados/as (4 do BNG, 1 do PSOE, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 24 deputados/as (14 do PP e 10 do PSOE)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Punto 4:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Punto 5:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre enerxía eólica mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mar conflúen multitude de actividades de interese social, económico e medioambiental que cómpre ordenar e conciliar para aproveitar ao máximo as súas potencialidades sen comprometer o seu uso futuro.

A pesca é motor económico e fonte de emprego, estratexia de soberanía alimentaria, identidade, cultura, patrimonio e sostén de comunidades costeiras. Este recurso debe ser protexido e tamén coidado con esmero para poder seguir aproveitándoo nas vindeiras xeracións.

A enerxía eólica offshore representa unha oportunidade de abordar a loita contra o cambio climático e o pico do petróleo empregando fontes de enerxía renovables e que non emitan gases invernadoiro. A súa implementación debe ser regulada e ordenada para aproveitar ao máximo as súas potencialidades e evitar ao mesmo tempo impactos negativos na pesca e na biodiversidade.

Dende este punto de vista, o sector pesqueiro da provincia da Coruña traslada a súa preocupación polos conflitos de uso que se están xestando no espazo marítimo, e en particular pola expansión dos aproveitamentos eólicos sobre caladoiros onde faena a frota.

Na actualidade, dous plans e proxectos en exposición pública espertan as alarmas do sector debido ás negativas repercusións que terían no caso de chegar a materializarse:

Por unha banda, a instalación dun parque eólico mariño nos caladoiros San Cibrao e San Brandán, proxectado sen consulta previa co sector e sen supervisión do Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, no que están presentes tanto a Xunta de Galicia coma os sectores implicados. As implicacións deste plan foron debatidas na Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña do pasado 16 de xullo de 2021.

Dito parque eólico afectaría a case 150 km² de importantes zonas de pesca entre Cedeira e Burela, nas que faena tamén frota con base nos portos da provincia da Coruña, o que pode acarrear un impacto inasumible na pesca e irreversible para a nosa economía..

Por outra banda, o Ministerio de Transición Ecolóxica redactou o Plan de Ordeación do Espazo Marítimo da zona Noratlántica co obxectivo de conciliar os diferentes aproveitamentos do mar. O sector pesqueiro bota en falta que o Ministerio considere a pesca extractiva unha actividade prioritaria acorde coa súa relevancia, e que a protexa así fronte a conflitos de uso con outros aproveitamentos, como é o eólico.

Por todo isto, o pleno da Deputación da Coruña acorda o seguinte:

- 1.- Manifestar o noso apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro
- 2.- Instar ás administracións da Xunta e do Estado a considerar a pesca e o

marisqueo sectores prioritarios a protexer nos plans de ordenación dos espazos marítimos e solicitar que se declare a Galiza como zona altamente dependente da pesca

- Instar ás administracións da Xunta e do Estado a que todos os proxectos de aproveitamento eólico mariño sexan avaliados polo Observatorio constituído a tal efecto

3.- Instar ao goberno provincial a prestar asistencia aos municipios costeiros da provincia da Coruña.

4.- Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, aos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado , así como as confrarías de pescadores da nosa provincia."

Sr. Presidente

Seguiente moción, que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña para exixirle ao Goberno de Cuba o cesamento da violencia inxustificada contra os seus cidadáns e apoiar unha transición pacífica á democracia na que todos os cubanos poidan elixir o seu futuro en liberdade.

2.Moción que presenta el Grupo Provincial Popular na Deputación de a Coruña, para esixir ao goberno de Cuba o cesamento da violencia inxustificada contra os seus cidadáns e apoiar unha transición pacífica á democracia na que todos os cubanos poidan elixir o seu futuro en liberdade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ditadura cubana é a máis lonxeva de América Latina. Desde 1959 o pobo cubano vive sometido a un réxime militar de partido único.

Á ausencia de liberdades, a negación do pluralismo político e a vulneración permanente dos dereitos humanos úneselle un modelo económico que provoca unha crónica escaseza de alimentos e medicinas. Neste contexto, a pésima xestión da crise sanitaria do COVID acentuou o malestar político e social na illa.

As manifestacións espontáneas e pacíficas en San Antonio dos Baños e Palma Soriano estendéronse por toda a nación mostrando o desexo de cambio dunha sociedade que non quere seguir soportando que todo siga igual.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Mostrar a súa profunda preocupación pola situación dos dereitos humanos en Cuba.

2.- Expresar o seu firme rexeitamento ao chamamento ao "combate" de Miguel Díaz-Canel e pedir o cesamento da violencia inxustificada e as detencións arbitrarias por parte do Goberno.

3.- Sumarse ao chamamento da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) para que o Goberno de Cuba "cumpra coas súas obrigacións cos Dereitos Humanos, en particular o dereito á protesta". 4.- Apoiar unha transición pacífica á democracia na que todo o pobo de Cuba poida decidir en liberdade o seu futuro político sen inxerencias externas e que se levanten as restricións económicas que seguen dificultando o desenvolvemento económico do pobo cubano.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Voy a empezar por el final, leyendo la propuesta de acuerdos, que yo creo que no hay ningún motivo para que ninguno de los que estamos aquí no podamos votarla a favor, pero bueno.

Punto número 1, mostrar a súa profunda preocupación pola situación dos dereitos humanos en Cuba.

Punto número 2, expresar o seu firme rexeitamento ao chamamento ao combate de Miguel Díaz Canel e pedir o cesamento da violencia inxustificada e das detencións arbitrarias por parte do Goberno.

Punto número 3, sumarse ao chamamento da Corte Interamericana de Dereitos Humanos para que o Goberno de Cuba cumpra coas súas obrigas cos dereitos humanos e en particular o dereito á protesta.

Punto número 4, apoiar unha transición pacífica á democracia na que todo o pobo de Cuba poida decidir en liberdade o seu futuro político sen inxerencias externas e que se levanten as restricións económicas que seguen dificultando o desenvolvemento económico do pobo cubano”.

Bien, esto es lo que vamos a votar hoy aquí, estos cuatro puntos. Yo sinceramente quiero escuchar los argumentos y voy a utilizar más tiempo en la réplica que inicialmente, les pido ya de antemano disculpas a mis siete compañeros, pero todo esto viene a raíz de unas protestas que ha habido en Cuba en las que la gente ha salido a la calle con una frase que es muy preocupante y que a todos nos debería preocupar, y la frase es “patria y vida”, “patria y vida”. Esto ha generado manifestaciones en la calle, protestas en que la gente tenía la desfachatez de pedir alimentos, medicinas y libertad. Esto es lo que ha provocado y ha traído las consecuencias de una represión sin precedentes desde hace ya muchos años en Cuba en que gente ha sido golpeada, en que gente ha sido encarcelada, en que gente ha sido reprimida, en lo que es una dictadura con todas las palabras, porque todo aquello que no es un régimen democrático es un régimen dictatorial, no hay eufemismos, no hay otra premisas, las cosas son así de sencillas.

Nosotros evidentemente nos preocupamos por lo que pasa en Cuba, en

especial nos preocupamos por los hijos de los gallegos, que tantos hay en Cuba y de la provincia de A Coruña. Y fíjense qué desfachatez tiene esta gente que ha hecho un texto subversivo —entiéndase la ironía—, un texto subversivo que yo, cantar no se me da muy bien y no les amago con hacer esto, que ya el verano ya está siendo bastante fastidiado, pero voy a leer parte del texto, que me he tomado la molestia de descargarlo y transcribir el texto de la canción *Patria y vida* y esto es lo que ha generado un rechazo y una represión sin precedentes del Gobierno cubano. Y este es el texto, que luego, Sr. García Seoane, si no le importa se lo voy a dar para que usted lo analice con calma y que me diga qué se puede reprochar de este texto, y dice así: *Y eres tú mi canto de sirena porque con tu voz se van mis penas, y este sentimiento ya es añejo, tú me dueles tanto aunque estés lejos. Hoy yo te invito a caminar con mis solares para demostrarte de que sirven tus ideales. Somos humanos aunque no pensemos iguales, no nos tratemos ni dañemos como animales. Esta es mi forma de decírtelo ,llora mi pueblo siento yo tu voz. Tú 5-9, yo doble 2, 60 años trancado el dominó...*

Bueno el texto es así en este sentido, no tiene ninguna cuestión, esto ha generado una represión sin precedentes. Los cubanos quieren lo que queremos cualquiera de nosotros para nosotros mismos y para nuestros hijos. Los cubanos quieren libertad, quieren poder educar a sus hijos en libertad, quieren tener unas posibilidades económicas. Y lo que no quieren o lo que están cansados de tener es que una isla con recursos limitados se repartan entre las parte del régimen y a los demás les toque repartirse la miseria, que no puedan opinar, que haya apagones informativos, que haya represaliados políticos, que haya presos políticos. Eso no es homologable en el siglo XXI y nosotros aquí tenemos que decirlo alto y claro. Los cubanos quieren patria y vida, nada más y luego en el segundo turno diré alguna cosita más.

Gracias.

Sr. García Seoane

É moi fácil falar do que non se coñece, e falar polo que din determinados medios que están ao servizo dos poderes que hai neste mundo, todo o mundo sabe que Estados Unidos manda, ordena e fai saber á maior parte dos gobernos do planeta. É moi fácil, xa digo, cantar a canción que canta Estados Unidos.

E, cando falan de dereitos humanos de Cuba, non sei se se están a referir vostedes a esa parte do Estado cubano roubada a Cuba que converteron no cárcere de Guantánamo, onde por parte do exército estadounidense se aplican recoñecidas torturas e sistemáticas violacións de dereitos humanos aproveitando o especial status xurídico que Estados Unidos recoñece por un lado a soberanía definitiva de Cuba mentres exerce xurisdición e control sobre o territorio. E nese territorio cometéronse as atrocidades máis grandes do século pasado, e no presente igual. Por EE.UU., polos mesmos que lles cantan a vostedes a canción que teñen que traer a estes sitios.

Ou tal vez se refiran vostedes ao cárcere de Abu Ghraib en Iraq, onde se practicaban torturas e tratos vexatorios a presos durante a guerra de Iraq e que despois foron encarcerados sen ningún tipo de proceso ou garantía legal, violando de

xeito flagrante o dereito internacional. Todo o mundo coa boca pechada.

Quizais falen do masacre de My Lai en Vietnam, onde o exército estadounidense bombardeou con axente laranxa e asasinou de xeito indiscriminado medio millar de civís vietnamitas entre os que se atopaban nenos pequenos e bebés, e que de non ter sido polas tristemente famosas fotografías que percorreron o mundo esta masacre nunca se tería coñecido.

Cando se lles enche a boca falando de dereitos humanos, lembran vostedes a operación Cóndor?, oíron falar da persecución da esquerda en América Latina desde o derrocamento pola forza do Goberno lexítimo e democrático de Salvador Allende en Chile, para instaurar a ditadura terrorífica que eliminou milleiros de persoas, a ditadura militar de Augusto Pinochet coa anuencia de Estados Unidos por detrás. Ata as intervencións en Bolivia, Honduras, Panamá ou Granada, operacións todas elas organizadas pola CIA para desestabilizar os movementos populares e os gobernos de esquerda en todo o continente. Lamentablemente hoxe en día seguimos sumando casos de violación de dereitos humanos con intervencións de EE.UU. O xenocidio levado a cabo contra o pobo palestino ao longo de décadas. e máis recentemente polo recoñecemento de Xerusalén como capital de Israel, a pesar das numerosas violacións de dereitos humanos perpetrados polo exército israelí en territorio palestino. Joe Biden, a mesma persoa que acusa Cuba de prolongar 62 anos de represión baixo un réxime comunista, apoia un Estado que provocou hai uns meses o asasinato de 250 palestinos, nenos, anciáns, adultos, nos bombardeos de maio de hai tres meses. Teñen vostedes moi pouca memoria, executado por Israel e coa boca calada, non trouxeron vostedes aquí ningunha moción, que eu recorde.

Tamén poden falar, tamén podemos falar de España, porque tanto España durante o período colonial como Marrocos, tras o abandono de España do territorio do Sáhara Occidental en febreiro do 76, levan anos bloqueando o lexítimo referendo de autodeterminación do pobo saharauí. Este dereito estará coñecido no dereito internacional a través de numerosas resolucións do Consello de Seguridade da ONU e das opinións da Corte Internacional de Xustiza da Haia. O papel de Estados Unidos aquí foi nos últimos anos de apoio incondicional a Marrocos, aliado estratéxico no Magreb ao que Estados Unidos lle proporciona armamento e adestramento que, en última instancia, se converte en represión e eliminación de milleiros de civís saharauís que levan anos loitando polo seu lexítimo dereito á autodeterminación. Marrocos, que está aí á volta da esquina, o Xibraltar marroquí, Marrocos non é unha democracia, vostedes non falan de Marrocos nada, é unha ditadura. Non vale dicir que se vota, por dicir que se vota non vale, porque en Marrocos vótase pero o rei reserva os deputados para ter a maioría no Parlamento; por tanto, onde está a democracia? Eliximos, facemos un paripé, eliximos unha xente, pero eu me reservo a maioría para decidir o que a min me dá a gana. Diso non faláron vostedes nunca, dese ditador que temos aí a 16 km da costa de España. A 16 km da costa de España ou menos aínda, se contamos coa illa que foi Aznar ocupar, pois se é española quizais menos territorio tamén.

Alxeria, eu estiven en Alxeria; Exipto, non estiven en Exipto, pero sei o que pasa en Exipto, e sabemos o que pasou coas primaveras, en Exipto desapareceron case 400.000 persoas, desapareceron, desapareceron, non se sabe se están debaixo da area do deserto ou onde están, desapareceron co Goberno actual ao que lle

renden vostedes honores. Alxeria, que é un socio capitalista español, o Goberno que hai en Alxeria é unha ditadura das máis feroces que hai. Eu estiven alí, alí non se permite andar polas rúas, alí non podíamos ir en taxi a onde queríamos, aquilo é unha ditadura horrible, ah, pero subministran gas a España a uns prezos asequibles. Alxeria, Exipto, amigos entre outros dos americanos e de varios países europeos, son ditaduras nas que non se respectan os dereitos humanos: censura de prensa, desaparición de opositores, voces libres continuamente, non se respectan os dereitos humanos. Hai non sei cantos presos en Marrocos, en Alxeria, de prensa que non se lles dá ningún tipo de solución nin desde os países democráticos que están á beira.

Podemos falar tamén de Arabia Saudí e Emiratos Árabes, que vulneran todo o habido e por haber, todo aquilo que difira dos seus ditados, ignorando todos os dereitos universais das mulleres, ignorando todos os dereitos universais das mulleres, e incluso descuartizando nas súas embaixadas periodistas opositores. Onde estaban vostedes cando ocorreu iso?, onde estaban os demócratas españois que din que Cuba é unha ditadura? Onde estaban cando descuartizaron na embaixada un periodista?, xa recoñecido incluso por todos estes elementos. Esquecéronse no seu partido de denunciar este feito tan grave digno das mafias máis salvaxes do mundo. Así é como actúan as mafias terroríficas que xa se están facendo coa metade dos gobernos do mundo porque os teñen comprados e os ameazan con todo tipo de actitudes.

Esquecéronse tamén de denunciar os bombardeos e os saqueos coa colaboración dos gobernos do Partido Popular do señor Aznar e do señor Rajoy, esquécense vostedes dos bombardeos en Siria, en Iraq, en Libia co señor último presidente que houbo do Partido Popular en España. Esquécense vostedes dun país que foi bombardeado, masacrado e que está aínda neste momento que non hai Deus que o poida dirixir porque dividiron totalmente as tribos que o estaban gobernando. Masacráranos a bombazos. Onde estaban vostedes cando isto ocorreu? Vostedes eran parte dos torturadores e dos terroristas que entraban nese país.

Cuba leva lustros sufrindo un embargo feroz que intenta acabar co seu Goberno. Cuba é un país independente, soberano, cun Goberno revolucionario que non saíu de ningún golpe de Estado, un Goberno revolucionario saído e apoiado polo pobo, un pobo que nunca se axeonllou ante o imperio americano. Cuba necesita apoio internacional, claro que si, para abrirse ao mundo e téñenselle as portas pechadas, pechadas a cal e canto porque os que teñen que falar, os demócratas non actúan, porque actúan baixo as directrices do amo. O pobo de Cuba necesita diálogo, non necesita humillación constante. O pobo de Cuba nunca será unha estrela na bandeira americana porque en Cuba hai un nacionalismo que xa moitos quixeran, xa moitos quixeran o nacionalismo que hai en Cuba para o resto dos países do mundo. O lumpem ao servizo dos Estados Unidos nunca dobregará ese gran pobo valente de fortes e profundas raíces de españois, porque son españois e negros os cubanos, españois e negros maioritariamente. E as raíces que teñen daquelas persoas que, sendo españois, como é Martí, cuxo pai era un carabineiro español levado alí á forza no seu día, como foi Maceo, que non era español, pero era un negro que quería liberar da escravitude os cubanos que había naquel momento no século XVIII e XIX en Cuba, Céspedes, Fidel, galego de pura cepa, Mella, galego de pura cepa, Ameixeiras, os dous irmáns Ameixeiras, galegos de pura cepa que loitaron para liberar ese país e para que os Estados Unidos non tiveran a bota encima dese pobo

cheo de españois, cheo de galegos e cheo de dignidade, e que para ben de Cuba puxeron Cuba no planeta; desde que eles loitaron, hai 62 anos, Cuba é recoñecida mundialmente como un país cheo de valentes, cheo de xente educada, lista, xente valente, xente que quere o mellor para o seu pobo pero que queren acabar con el.

O Partido Popular, e xa remato, ten que deixar de ser servil dos Estados Unidos, así como de recibir cursos para frear os populismos en Colombia. Estes días liamos que o señor presidente do seu partido, ou secretario xeral, non sei como lle chaman, presidente, ía a Colombia a cursos para formación –que é gravísimo isto–, cursos para frear os populismos. Pero é que o que vimos estes meses todos ultimamente en Colombia, a iso como lle chamarían vostedes, señores do Partido Popular? Morreron 80 persoas a tiros e desapareceron case 400, que non se sabe onde están, seguro que nos barrancos, nos moitos barrancos que hai por toda a xeografía de Colombia. E iso é o que ocorre aí, e o seu líder vai recibir cursos de como frear... –manda truco, ou diría o outro manda c...!, manda c...!– isto nun país no que, como digo, morreron montóns de persoas.

Teñen que deixar de adorar, señores do Partido Popular, o becerro de ouro, deixen de adorar o becerro de ouro, porque sabe o que pasaba cando cruzaron o deserto os xudeus, cando volveu o das táboas, Moisés, tiña totalmente desmembrado o grupo porque estaban adorando o becerro de ouro ata que el deu unha estacada e os puxo no seu sitio a todos. Pero iso é o que hai, deixen de adorar o becerro de ouro.

Sr. Lema Suárez

Eu non aspiro a mellorar o discurso de Gelo, e dicir que, en canto a cancións, concordo co señor Evaristo Ben en que cantar e entoar non é o seu, desde logo, pero tamén non compartimos repertorio musical e nós para a ocasión preferimos sempre a Carlos Puebla, aquela canción que di que chegou o comandante e mandou parar.

Cúmprense aproximadamente nestas datas 29 anos da visita de Fidel Castro a Galicia cun Goberno presidido por Manuel Fraga. Foi na última semana do mes de xullo do ano 92. Que diferenza, no sentido político e tamén no sentido de Estado, creo, desde logo, entre aquel presidente da Xunta, Manuel Fraga, e esta proposta que trae hoxe o Partido Popular aquí, que creo que é un síntoma tamén da perda absoluta de altura política do Partido Popular, cousa que lamento porque é un partido que tende a gobernarnos durante moito tempo. Outras cousas fará ben, desde logo, eu penso que carece absolutamente de sentido estratéxico e de sentido de Estado.

Intentarei explicarme. O Partido Popular usa a política exterior como unha extensión da política interior. Vostedes intentan usar Cuba ou Venezuela como un xeito dalgunha maneira de importar eses casos con fins da súa dialéctica, dos seus debates na política interior española. Iso é unha absoluta catástrofe, é irresponsable. Así, vostedes, por exemplo, con esa regra de tres non entenderían por que co cambio de Administración de Trump a Biden, dun partido republicano a un partido demócrata, se conserva a mesma relación e o mesmo *statu quo* de Estados Unidos con Marrocos respecto de España. Non houbo unha variación, é exactamente o *statu quo*. Non emprega nese caso a Administración nova norteamericana unha vara de medir ideolóxica nos seus intereses xeoestratéxicos respecto da realidade do Mediterráneo na que está enclavada España e tamén Marrocos, consérvaos, non fai ese tipo de

lecturas interiores.

Vostedes si, vostedes están continuamente importando para a política interior española, para os fins dos seus debates, cuestións da política exterior. Iso demostra, entre outras cousas, que vostedes descoñecen completamente a lóxica da política exterior que non son esas, senón que hai outras que expuxo o compañeiro Sr. García Seoane que teñen que ver con afinidades históricas, con afinidades, con todo o que o pobo cubano ao longo da historia lle ten entregado ao pobo galego en particular. E eu creo que vostedes son absolutamente, ía dicir ignorantes, pero desde logo máis ben inxustos, ao incorporar a un debate político tan baixo unha realidade como a cubana.

E non vou cuestionar que vostedes teñan maior ou menor dereito, non vou cuestionar as súas credenciais democráticas para traer aquí este debate. Direi que a verdade é que no tempo que levo en cámaras representativas creo que nunca escoitei os representantes do Partido Popular condenar a ditadura franquista, creo que é algo que non acaba nunca de serlles doado de facer. Iso non impide que vostedes hoxe nos exixan aos demais credenciais democráticas. Desde logo, ata antonte os demócratas de toda a vida estaban nun bando que non era moi democrático e este país ten a historia que ten, e é unha historia que está aínda por sacar das cunetas en moitos casos.

Entón, creo que leccións, xa lle digo, non é unha cuestión xenética, non digo que vostedes non teñan dereito a falar, teñen todo o dereito a falar do mundo pero tal vez estaría ben empezar pola súa propia historia, pola súa propia historia vinculada a este país, porque estamos tocando materias moi sensibles que creo que aínda hoxe están, penso, pendentes de reparar.

Non é mediante a votación a única maneira na que os pobos expresan a súa vontade. Cando os 80 compoñentes da tripulación do Granma chegaron a Cuba, o Movemento 26 de Xullo, a quen aproveito para homenaxear hoxe desde aquí, porque estamos nunha efeméride dese día, do Movemento 26 de Xullo, esas 80 persoas acabaron por derrocar un exército regular dun presidente electo, como era Batista, por certo. Que maior expresión democrática que esa Revolución Cubana, que que esas 80 persoas derrotasen nada menos que un exército regular. Por que?, como conseguiron todo ese apoio popular?, porque estaba con eles todo o pobo? Estaba con eles porque a súa causa era xusta. Do mesmo xeito, a Revolución Cubana serviu sen dúbida de esperanza e de faro para moitísimos pobos do hemisferio sur americano que viron nelas unha posibilidade de librarse das terribles cadeas da represión, non só do capitalismo dos seus estados, senón da promovida tamén por suposto polo imperialismo norteamericano. Ese faro, para moitos de nós, conserva hoxe completamente o seu sentido. E ademais sospeitamos, cando vemos casos como o de Venezuela, no que sistematicamente o Partido Popular en España, facendo unha vez máis esa torpe incorporación ao debate interno de cuestións de política exterior, tamén cuestiona sistematicamente a lexitimidade das eleccións, é cualificada como réxime ou de calquera outro tipo de forma que dalgunha maneira poña baixo sospeita cal é a vontade expresada nas urnas do pobo venezolano. Isto faime pensar a min que o problema non é tanto a forma de goberno, senón o contido político de quen está no goberno.

Eu creo que é evidente que tampouco o Partido Popular, cando cometen erros

os pobos do cono Sur americano de escoller gobernos que non están por someterse e por aliñarse cos intereses norteamericanos ou dos seus propios capitalistas, está claro que tamén non é exactamente o que lle importa ao Partido Popular.

Podíamos ampliar infinitamente o repertorio das nosas razóns, dos nosos argumentos, creo que é bastante inútil, creo que desgraciadamente é bastante inútil, eu penso que desde logo o Partido Popular deu proba sempre creo que de ter unha absoluta miopía no tratamento da cuestión cubana. Non foi así no pasado, lamentablemente téñoos que dicir. E, en todo caso, nós imos votar con absoluta convicción en contra desta proposta do PP.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo. Non sei se seguimos mantendo o criterio de brevidade nas intervencións ou non, eu vou procurar ser breve, vou empezar anticipando o sentido do voto.

Como ben dixemos na Xunta de Portavoces, non hai sorpresa, mantemos o voto que se agardaba pola nosa parte, non imos apoiar esta moción. Non imos apoiar unha moción que no seu contido utiliza esa brocha gorda para cinguir a situación. Si que é certo que é froito do endurecemento de medidas, froito dunha pandemia que non é allea en Cuba, está facendo que o pobo cubano estea pasando por unha situación complexa e difícil. Dende aquí expresar a nosa solidariedade co pobo cubano e que, evidentemente, ante unha situación que resulta dificultosa para a poboación pois non pasa por alto que é normal que a xente se mobilice e se exprese. Agora ben, cinguir a solución en clave tan simple como liberdade política é obviar total e absolutamente unha situación que non é normal para o desenvolvemento de ningún país do mundo.

O pobo cubano vive efectivamente sometido a un bloqueo que lle impide ter unha actividade comercial financeira e política de relacións co resto de países de xeito normal, que é un atranco para moitas decisións e que condiciona o avance, como o faría esta situación con calquera país do mundo, pero non hai ningún outro que leve tantos anos sometido a semellante bloqueo. E, aínda así, Cuba aparece entre os países que figuran cun índice de desenvolvemento humano alto. Aínda así, nunca dicimos nada cando Cuba de xeito solidario os seus médicos e médicas apoiaron en tempos de pandemia outros países dos cinco continentes; cando foi quen de sacar adiante unha vacina propia e cando, efectivamente, unha das dificultades que ten para avanzar nos seus índices de vacinación é dispor de xiringas.

Entón, claro, falamos de patria e vida, alimentos e medicinas. Non podemos obviar que a máis grande das inxustizas é a permanencia do bloqueo, que permanezan, logo de reiteradas resolucións por parte da ONU que rexeitan de plano este bloqueo e que ademais recoñecen o impacto negativo que a súa existencia ten no pobo de Cuba. Entón, o que habería que facer é construír un marco de relacións normal que realmente lle permitira ao pobo cubano tomar decisións e poder facer unha valoración xusta en relación á vida do país e, ao obviar esta cuestión, estase a obrar de xeito inxusto. Neste sentido, nós, non me vou estender moito máis, ademais creo que as intervencións que me preceden e as que virán despois van estender un pouco máis este debate e, como xa dixemos na Xunta de Portavoces, o noso grupo

posiciónase en contra.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día.

Sumareime ás verbas de todos os que me precederon na palabra, e non no Pleno de hoxe, senón en plenos precedentes cando falamos de traer a este Pleno cuestións que teñen que ver coa provincia e non outras que se escapan á capacidade desta institución. A verdade é que eu nunca me sumo a esas palabras, pero tendo en conta que era o único que non o dixerá ata o de agora, pois voume sumar agora, porque, se non, a partir de agora deixemos de dicilo, porque todos e todas estamos traendo a este Pleno de forma recorrente mocións que non teñen que ver con esta provincia. Polo tanto, vamos ser un pouco máis honestos a ese respecto e evitemos este tipo de afirmacións que quedan moi ben nos plenos pero que despois ningún grupo cumpre.

Dito isto, nós sobre esta cuestión presentamos unha serie de emendas, hai unha errata no terceiro punto da emenda presentada onde pon proponse a eliminación da segunda e da terceira proposta, realmente da que se propón a eliminación é da segunda, non da terceira; en principio creo que o Partido Popular non acepta as emendas presentadas, se mal non recordo.

Penso que este é un debate tan absolutamente amplo, no que se mesturan tantas cousas. É dicir, penso que todos compartimos que Cuba debe ser un país democrático no que a xente teña as mesmas liberdades das que gozamos nós, que é poder elixir os seus lexítimos representantes. Iso non quere dicir que se estea en contra da Revolución Cubana nin de todos os aspectos positivos que tivo, nin en contra da postura de Cuba de non deixarse avasalar polos Estados Unidos durante moitos anos e, sobre todo, naquela época na que aquilo era unha especie de gran Casino en mans da mafia estadounidense, ademais, ou italoamericana. Por tanto, non se poden confundir as cousas, estar a favor da democratización de Cuba non é estar en contra da Revolución Cubana nin dos aspectos positivos que tivo aquela revolución e viceversa. Isto dígoo por aclarar, porque foron tan amplas as intervencións en tantos aspectos distintos que sería importante deixalo claro.

Como entendo que o Partido Popular non acepta as emendas que lle trasladamos, fixemos unha proposta na Xunta de Voceiros que era eliminar todos os puntos e manter o punto cuarto, que era apoiar unha transición pacífica e democrática na que todo o pobo de Cuba poida decidir en liberdade o seu futuro político sen inxerencias externas e que se levanten as restricións económicas que seguen dificultando o desenvolvemento económico do pobo cubano. Iso podíámolo subscribir practicamente todos.

Nós fixemos tamén nesa Xunta de Voceiros a proposta para eliminar todos os puntos porque os outros son cuestións que, se ben teñen gravidade o que está a pasar agora, son circunstanciais. Todo isto arranxárase en principio en teoría se Cuba fora un sistema democrático e que neste caso está todo isto recollido neste punto cuarto; por tanto, todo o demais sobra, e esa proposta fíxose en aras de intentar sacar esta moción por unanimidade. Penso que tampouco se aceptou esa proposta.

Por tanto, ben, efectivamente eu tamén comparto algunhas reflexións sobre que Cuba non é a única ditadura, hai moitísimas ditaduras no mundo, por tanto, tamén traslado unha terceira proposta, que é engadir a esta moción, porque así xa non teríamos que volver presentar ningunha moción máis sobre este tipo de temas, que era engadir a esta moción ademais de Cuba os seguintes países, as seguintes ditaduras, estados totalitarios, etcétera, ou autoritarios, como queiramos chamarlles. Meteríamos: Cuba, Arabia Saudita, Bahrein, Qatar, Emiratos Árabes, Estados Federais da Micronesia, Kuwait, Naguru, Omán, Palaos, Tuvalu, Corea do Norte, China, Vietnam, Eswatini (que era a antiga Suacilandia), Tailandia, Somalia, Sudán do Sur, Burundi, Ruanda, Bielorrusia, Acerbaixán, Turkmenistán, Taxiquistán, Eritrea, Uzbequistán, Chad, Casaquistán, Camboxa, Guinea Ecuatorial, Laos, Iemen e Siria. Estes son todos os países do mundo onde hai ditaduras. Eu propoño unha emenda para incluílos nesta moción e así xa estaremos todos en contra de todas as ditaduras do mundo e solicitaremos que haxa réximes democráticos en todas elas. Dígoo porque así evitaremos traer a este Pleno máis mocións deste tipo en aras diso que todos promulgamos nos distintos plenos de non traer cuestións que non teñen que ver coa provincia; así podemos zanzalo todo e quedará perfectamente claro que estes grupos que conformamos esta Corporación, independentemente das diferenzas ideolóxicas que poidamos ter, condenamos calquera tipo de sistema que non sexa democrático, que sexa ditatorial.

Non sei se se vai aceptar esta proposta; se non se acepta –vexo que o voceiro do Partido Popular di que non–, polo tanto queda en evidencia dúas cousas: unha, que nós o que faremos finalmente será absternos, porque podemos compartir algunhas cuestións e outras non, pero sobre todo o máis importante é que o Partido Popular non ten maior interese, como en todas as mocións que trae, de que haxa certo consenso, é dicir, ou se acepta a miña moción tal e como vén porque é unha moción de partido que o que vén deixar e plasmar é cal é a postura do Partido Popular a nivel estatal, agora como ben dicía algún dos que me precederon, porque en etapas precedentes non eran tan combativos coa situación de Cuba con ese país, podemos falar do señor Fraga ou da visita do señor Aznar acompañando o rei de España, incluso o xefe do Estado naquel momento a ese país. Pero en todo caso vén sendo a tónica dominante e non se aceptan este tipo de emendas porque no fondo a situación de Cuba é secundaria, o que importa é establecer agora cal é a postura a nivel estatal do Partido Popular neste momento concreto, xa digo, non en momentos precedentes. Eu sei que o señor Ben fala moitas veces do presidente Fraga e o fai con afecto e con cariño, pois era unha desas persoas que tiñan unha visión de Cuba un pouco distinta, sen dicir que non era un país democrático, pero si cunha visión un pouco, digamos, máis xenerosa e quizais máis adaptada á realidade que a que ten esta moción que hoxe se trae para debate e aprobación. Polo tanto esa é a postura do noso grupo tendo en conta que non se acepta ningunha das propostas, aínda que espero, coido e quero pensar que se está en contra de todas estas ditaduras que acabo de nomear, independentemente de que teñan petróleo, independentemente de que produzan moito como China, ou independentemente de que algunha delas teña prohibido o ballet, como no caso de Casaquistán, se mal non recordo.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Bueno vamos a empezar por el final. Desde luego, señor Fernández, me maravilla..., yo tenía claro que ustedes se iban a abstener, la cuestión era saber cómo lo iban a justificar, entonces la verdad es que me ha sorprendido y cada día me sorprende más. Está bien lo que usted... tiran la pelota en mi tejado, no pasa nada. Yo entendía que su voto iba a ser de abstención, siempre lo imaginé. Por supuesto que condenamos todas las dictaduras, pero, mire, lo primero que tengo que decirle, y ya no a usted, sino al señor Lema, porque debe de tener algunos lapsos de memoria entre el tema de estar escribiendo y tal a veces debe despistar las noticias, el Partido Popular ha condenado con claridad y rotundidad la dictadura franquista porque lo primero que decimos es que el franquismo fue una dictadura. ¿en España hubo una dictadura!, señores, con el señor Franco, una dictadura, lo decimos sin ambages, sin ningún tipo de dudas. En España estuvimos sometidos a una dictadura, lo decimos así. Digan ustedes si Cuba es una dictadura, por favor, que aún no lo han dicho, díganlo ustedes y que lo diga el señor Fernández también. Cuba, a nuestro juicio, también es una dictadura. Traigan ustedes una moción diciendo que condenemos todas las dictaduras del mundo, este grupo la apoyará, traigan ustedes esa moción y no tendremos ni que tener debate.

Miren ustedes, ustedes evocan una visión romántica de lo que fue la Revolución Cubana, claro evocan una visión romántica de lo que fue la Revolución Cubana en un momento, nadie justifica aquí el régimen anterior a que llegara el señor Castro, nadie está justificando lo que pasaba allí, no se trata de eso. Pero, claro, evocan esa visión romántica desde el sofá de su casa, con la calefacción puesta después de haber comido, desayunado y cenado tranquilamente, sin ningún tipo de necesidad. A esta izquierda pijiprogre, por así decirlo, con perdón de la expresión, esta izquierda burguesa que evoca la Revolución Cubana tranquilamente sin pensar siquiera en las miserias y padecimientos que pasan los cubanos allí, mire, eso es hipocresía pura y dura. Y hay términos a los que se refiere el señor Lema o el señor Sr. García Seoane que, bueno, a veces ya los tomamos así un poco como oír llover, pero, oiga, tengan cuidado con ciertos comentarios al respecto del Partido Popular, porque algún día las cosas pueden cambiar y yo creo que debemos moderarnos todos en las expresiones que tenemos sobre los demás porque afectan a 800.000 afiliados que tiene este partido en toda España, ¿entiende?

Bien, vamos a ver, nosotros queremos para Cuba lo mismo que tuvimos los españoles en el año 78. Nosotros no queremos vaciar las cárceles de Cuba para sacar a unos y meter dentro a otros; no, no, nosotros no queremos eso. Nosotros queremos un proceso como el que hubo en España, la transición política podría ser un verdadero ejemplo para que pudieran aplicar los cubanos, que ha dado lugar al mayor momento de crecimiento y prosperidad en libertades, en economía, etcétera, para todos los españoles. Nosotros queremos para los cubanos lo mismo que queremos para los españoles. Ahora, claro, señores del BNG, ustedes tienen que justificar la estrella con la que ensucian nuestra bandera, ustedes tienen que justificar esa estrella con la que ensucian nuestra bandera. Señores de la Marea, ustedes tienen que justificar que son comunistas, igual que es una dictadura comunista la que hay en Cuba. Y, Sr. García Seoane, usted tiene que justificar ser usted mismo, qué quiere que le diga. Las protestas que hace usted en sus paneles informativos poniéndonos a parir a todos todos los días eso en Cuba, sus amigos no permiten que

lo hagan los cubanos, no está permitido el derecho a la protesta. Usted, señor Lema, y sus compañeros cuando venían a nuestras sedes a manifestarse permanentemente en los gobiernos del señor Rajoy, sí, sí, todos los días delante de nuestra sede insultando y humillando a trabajadores del partido que nada tienen que ver con las decisiones que toman los políticos, en Madrid, en Santiago o en esta Diputación, podían hacerlo con total libertad, o a día de hoy cuando van a la Delegación del Gobierno a junto antes al señor Losada, ahora al señor Miñones, la gente puede expresarse en libertad. Eso no lo pueden hacer los cubanos, los cubanos quieren comer, educar a sus hijos, tener un futuro y poder opinar libremente. Quien esté en contra de eso es que está de alguna manera justificando que haya dictaduras en el mundo, y Cuba es una dictadura.

Yo voy a acabar ya, no voy a intervenir mucho más porque esto está claro. Señor Fernández, ha estado usted otra vez hábil intentando evitar posicionarse, le doy la enhorabuena por ello. Y de ustedes seis pues ya sabía lo que iba a pasar, ya lo hablamos el otro día en la Junta de Portavoces, nada nuevo bajo el sol.

Nada más y muchas gracias. Yo he cumplido con lo de ser breve, señor presidente.

Sr. García Seoane

Un non para de abraíarse, non? Eu son un dos que defendín sempre e defendo que aquí temos que traer temas que estean relacionados cos problemas da veciñanza na provincia, na autonomía e incluso en España, e que nos afecten a nós, e por tanto sempre mantiven ese tema. Hoxe non podía mantelo porque había unha moción do Grupo Popular que é esperpéntica, malévola, tendenciosa, etcétera, etcétera. Xa expuxen o porqué me parece que era tan malévola. Por tanto, non incumpro nada, señor portavoz do PSOE, non incumpro ningunha normativa, espero que vostede no futuro incumpra as normativas para que as cousas funcionen doutra maneira e non gaste tanto tempo falando e repetíndose, porque iso é terrorífico.

E, se vostede quere votar a favor de Cuba, pódeo facer na moción que vou presentar dentro dun rato, e esa si que é unha moción que pode vostede, como socialista, se o é, votala, porque, se vostede agora se abstén nisto, estalle dando o parabén ao Partido Popular, e iso di moi pouco dos socialistas. Vostede está dicindo eu non lla voto pero abstéñome, sabendo que vai gañar a votación. Por tanto, iso é unha postura moi fácil de quen non quere mollarse e quen está facendo unha política vergoñenta como socialista, permitindo que o Partido Popular saque unha moción adiante tan mísera como a que trouxo hoxe aquí a este Pleno. Por tanto, é indignante realmente a situación que imos ver dentro dun intre aquí. Pero, ben, *“tiempos vendrán que buenos nos harán”*.

Sr. Lema Suárez

Tratarei de ser moi breve. Señor Evaristo Ben, se a vostede un día lle ensino a miña vida laboral, verá vostede que estou moi lonxe de ser esa esquerda burguesa que vostede me supón a min. Son un orgulloso fillo da clase obreira e bisneto de represaliado, supoño que estas cousas tamén acaban finalmente influíndo nas posicións que un ten na súa vida política activa. Evidentemente, non me refiro a feitos

recentes.

Vostede fixo creo unha boa, incluso penso que sincera, apoloxía, diso que podemos chamar como a democracia liberal na que se poden escoller uns representantes a condición de que eses representantes non escollan certas políticas, en tal caso empeza todo a ser un pouco máis complicado, e digo un pouco máis complicado porque, insisto, creo que podería darlles a vostedes unha inmensa credibilidade, non por cuestións que dixen antes xenéticas que vostede me advertiu que efectivamente estaba faltándolle tal vez á honorabilidade dos afiliados do seu partido, ben, eu creo que debo admitir esa acusación. Pero eu diríalles o seguinte: a súa posición sobre Venezuela desmente todo o que acaban de dicir sobre Cuba, porque en Venezuela vostedes din que non existe unha democracia, que existe un réxime, ás veces incluso empregan tamén ditadura. Entón, cal é o problema real? O problema real é que hai certas opcións políticas, certos contidos políticos, cando un goberno nacionaliza o petróleo pasa a ser unha ditadura, é que disto sabemos un pouco todos, esa é a historia do século XX e a historia do século XXI, automaticamente pasa a ser unha ditadura, ou convértese, porque o caso de Bolivia veu ser algo semellante. Veña Evo Morales pasa a... Eu escoiteinos con todo o respecto do mundo, debe de ser un privilexio da educación pública. Pero esta moción trouxéstela vós aquí...

Sr. Presidente

Sr. Calvelo, un respecto, vale?

Sr. Lema Suárez

Esta moción trouxérona eles aquí.

Sr. Presidente

Sr. Lema, sigue coa túa exposición.

Sr. Lema Suárez

... polo tanto se non é a ONU, pensádelo antes de rexistrar a moción, vale, Sr. Calvelo? Ben, non porque a trouxestes vós aquí, claro; entón eu o que digo é que eu crería o de democracia en Cuba a toda costa se en Venezuela resultase que cando as eleccións non dan o resultado que se quere pasa automaticamente tamén a ser ditadura, co cal non acabo de crer a sinceridade destas, digamos, fermosas apoloxías da democracia liberal.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, Sr. García Seoane. Todos insistimos en que hai que traer puntos, ou insististes en que hai que traer puntos que teñan que ver con esta Deputación e tédelo dito incluso en cuestións que trataban temas estatais que si afectan aos cidadáns, porque hai un Goberno, á parte de provincial, autonómico e

outro estatal.

Sobre que absterse nesta moción é estar a favor; non, estar a favor é votar a favor. Absterse é porque hai algún punto desta moción que nós compartimos, e é o punto catro: apoiar unha transición pacífica á democracia na que todo o pobo de Cuba, ese pobo que dicimos defender todos e todas, ese pobo ao que queremos, que é un pobo solidario, que é un pobo acolledor, etcétera, etcétera, poida decidir en liberdade, como facemos os que estamos aquí sentados, o seu futuro político sen inxerencias externas, é dicir, sen que Estados Unidos lle diga o que ten que facer – espera un segundo, Sr. García Seoane– sen que Estados Unidos lles diga o que teñen que facer e se levanten as restricións económicas que Estados Unidos está a impor actualmente a Cuba. E iso compártooo dígaoo o Partido Popular, dígaoo o Sr. García Seoane, dígaoo a Marea ou dígaoo Vox, porque incide directamente no que é un Estado democrático, e ser socialista é defender a democracia, e diso dannos moita mostra moitos compañeiros do meu partido que aínda seguen enterrados nas cunetas precisamente por loitar pola democracia dende hai máis de cen anos neste país.

Polo tanto, nese aspecto leccións de democracia e defensa da democracia, ningunha, e empecei, ou ao longo da miña intervención, dixen ou puxen unha proposta para incorporar nesta moción todas as ditaduras do mundo, porque a min me preocupa a situación dos cidadáns cubanos e as liberdades e tamén as dos chinos, e tamén a dos qatarís e a dos saudís, pero deses tampouco falamos. Entón, uns e outros só traen mocións sobre ditaduras dependendo de se son de dereitas ou de se son de esquerdas, e nós, que aquí sempre estamos, digamos, na centralidade en canto aos dereitos das persoas, entendemos que hai que traer de todas as ditaduras. E por iso fixen unha proposta para todas as ditaduras do mundo, porque é verdade que o Partido Popular, con outras ditaduras que son máis á dereita non presentan mocións, pero iso non quita que se estea a pedir un réxime democrático ou un sistema democrático en Cuba e que iso me pareza ben, porque, repito, paréceme ben en Cuba e en calquera país do mundo, porque é do mesmo que desfruto eu e que nos permite aos que estamos aquí sentados debater.

Segundo punto, non hai que adiantarse aos acontecementos, porque a moción que presenta Alternativa dos Veciños aínda non se debateu, pero non teño inconveniente en adiantar que nós, facendo unha pequena, como se di?, ou deixando constancia de que non compartimos dúas expresións desa moción, vouno dicir así, ímola votar a favor. Por tanto, non nos adiantemos aos acontecementos, non é ou comigo ou contra min; ás veces hai termos medios e termos intermedios nos que nos atopamos algúns. Afortunadamente, ben, pois eu pódome estender igual cando me expreso, porque penso, e iso tamén é algo que teño escoitado nas comisións a algúns dos que estamos aquí sentados, que polo que cobramos por vir aquí como se temos que estar ata as 6 da tarde. Eu non estou aquí alongando contándome chistes nin falando da miña persoa, nin dos meus amigos; estou falando do que opino eu e o meu grupo, e se me leva tres horas, pois lévame tres horas. Entre outras cousas, Fidel Castro falaba bastante máis ca min, seis horas, sete, oito, e nunca lle dixemos nada ao respecto. Polo tanto, xa ves que estou nun termo intermedio entre os que falades pouco e os que falan moito.

Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 11 deputados/as (PSOE)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta el Grupo Provincial Popular na Deputación de a Coruña, para esixir ao goberno de Cuba o cesamento da violencia inxustificada contra os seus cidadáns e apoiar unha transición pacífica á democracia na que todos os cubanos poidan elixir o seu futuro en liberdade"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ditadura cubana é a máis lonxeva de América Latina. Desde 1959 o pobo cubano vive sometido a un réxime militar de partido único.

Á ausencia de liberdades, a negación do pluralismo político e a vulneración permanente dos dereitos humanos úneselle un modelo económico que provoca unha crónica escaseza de alimentos e medicinas. Neste contexto, a pésima xestión da crise sanitaria do COVID acentuou o malestar político e social na illa.

As manifestacións espontáneas e pacíficas en San Antonio dos Baños e Palma Soriano estendéronse por toda a nación mostrando o desexo de cambio dunha sociedade que non quere seguir soportando que todo siga igual.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

- 1.- Mostrar a súa profunda preocupación pola situación dos dereitos humanos en Cuba.
- 2.- Expresar o seu firme rexeitamento ao chamamento ao "combate" de Miguel Díaz-Canel e pedir o cesamento da violencia inxustificada e as detencións arbitrarias por parte do Goberno.
- 3.- Sumarse ao chamamento da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) para que o Goberno de Cuba "cumpra coas súas obrigacións cos Dereitos Humanos, en particular o dereito á protesta". 4.- Apoiar unha transición pacífica á democracia na que todo o pobo de Cuba poida decidir en liberdade o seu futuro político sen inxerencias externas e que se levanten as restricións económicas que seguen dificultando o desenvolvemento económico do pobo cubano."

Sr. Presidente

Pasamos á seguinte moción, presentada polo Grupo Alternativa dos Veciños, moción de apoio ao pobo cubano en defensa do levantamento do bloqueio

3.Moción do grupo Alternativa dos Veciños en apoio ao pobo cubano, en defensa do levantamento do bloqueo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 1962 Estados Unidos ten decretado un bloqueo que impide a existencia de todo tipo de relacións económicas e comerciais da inmensa maioría dos estados do mundo con Cuba. Ademais dos países denominados occidentais, desde a caída do muro de Berlín en novembro do 1989, a Europa do leste sumouse en masa a este criminal bloqueo que afoga ao pobo cubano.

Os distintos Gobernos de España desaproveitaron os indubidables vencellos históricos existentes coa illa e desbotaron a apertura dunha importante porta de oportunidades económicas e comerciais para empresarios españois dos que saírían beneficiadas ambas economías. A aliñación coas políticas norteamericanas foi e segue a ser nefasto para os intereses económicos de España.

O terrorífico bloqueo provocou un enorme sufrimento no pobo cubano. Principalmente na década dos 90, vivíronse episodios de grandes dificultades e carencias, con falta de produtos básicos e necesidades extremas que non podían ser cubertas malia o importante sistema de servizos públicos existente na illa. Naquel momento, tan só valentes posicionamentos como os da Xunta de Galicia presidida por Don Manuel Fraga Iribarne ou do Concello de Oleiros, presidida pola miña persoa, permitiron desenvolver importantes campañas de cooperación e investimentos para contribuír a mellorar a situación do pobo cubano.

Na actualidade, está a darse unha situación similar á dos 90 xa que a maiores do bloqueo -timidamente suavizado polo Goberno de Barack Obama pero recrudecido baixo o mandato de Donald Trump-, o covid está a provocar graves problemas debidos á paralización do turismo, que supuxo a eliminación dun dos principais recursos para a economía cubana.

De maneira malévola, perversa e interesada, aqueles que están en contra da soberanía do pobo cubano, teñen en marcha unha campaña internacional contra o seu Goberno co único fin de retornar á situación anterior á revolución. É dicir, que Estados Unidos pase novamente a controlar Cuba mediante un Goberno títere e corrupto, que permita a existencia de grandes desigualdades sociais para que determinadas empresas norteamericanas teñan vía libre para facerse co país.

Desde 1992, a ONU acordou acabar co bloqueo en 28 ocasións nas asembleas nas que participan todos os países membros. Na última votación sobre este asunto, celebrada o pasado 23 de xuño, 184 estados votaron a favor de eliminar o bloqueo contra Cuba; Colombia, Brasil e Ucraína abstivéronse; e tan só Estados Unidos e Israel votaron en contra. Este acordo, adoptado por apabullante maioría, non está a ser respectado nin tan se quera polos países que votaron a favor. Impídeo a política internacional de Estados Unidos, que ameaza e sanciona a todo aquel que rompa o bloqueo.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Presidente do Pleno Provincial os seguintes:

ACORDOS:

Primeiro.- Apoiar as resolucións e acordos da ONU en contra do bloqueio contra Cuba solicitando o seu levantamento inmediato para que se deixe de afogar ao pobo cubano, a grande vítima desta criminal e malévola política promovida polos Estados Unidos.

Segundo.- Demandar que o Goberno de España inicie políticas de cooperación internacional reais e efectivas con Cuba para contribuír a mellorar a situación deste país irmán, co que o pobo español está estreitamente vencellado.

Sr. García Seoane

Esta moción indubidablemente vén a este Pleno porque viña a anterior e é unha resposta, dalgún modo, noutro sentido ao que se acaba de aprobar agora.

Desde o ano 1962 Estados Unidos ten decretado o bloqueio que impide a existencia de todo tipo de relacións económicas e comerciais da inmensa maioría dos estados do mundo con Cuba. Ademais dos países denominados occidentais, desde a caída do muro de Berlín en novembro de 1989, a Europa do Leste sumouse en masa a este criminal bloqueio que afoga o pobo cubano, excomunistas por certo, exsocialistas por certo. Os distintos gobernos de España desaproveitaron os indubidables vencellos históricos existentes coa illa e desbotaron a apertura dunha importante porta de oportunidades económicas e comerciais para empresarios españois dos que saírían beneficiadas ambas as economías. A aliñación coas políticas norteamericanas foi e segue a ser nefasta para os intereses económicos de España. Houbo montóns, por certo, de empresarios españois, que eu ademais moitos os levei eu a Cuba, moitísimos, e que ao final non comerciaron con Cuba por ameazas directas desde os gobernos de España, dun e doutro signo.

O terrorífico bloqueio provocou un enorme sufrimento no pobo cubano, principalmente na década dos 90, vivíronse episodios de grandes dificultades e carencias. Pasábase fame, había necesidade do básico para vivir, foi unha década terrorífica para os cubanos, terrorífica. Viviron, como digo, episodios gravísimos porque facían falta moitos temas e moitas necesidades que había para desenvolver a vida e levar adiante iso, estaban apagadas as luces, non había transporte público, non había petróleo, é dicir, foi unha situación que, se a vive calquera outro país do mundo, non resistiría nin de broma. Os cubanos resistiron.

Naquel momento tan só os valentes posicionamentos como os da Xunta de Galicia, os da Xunta de Galicia con Fraga á fronte, naquel momento onde incluso ameazaban desde Miami, desde Estados Unidos, Fraga tivo máis dignidade que Felipe González naquel entón anterior á etapa de Aznar. Fraga foi un balón de oxíxeno tremendo, e grazas a Fraga houbo algún comercio con Cuba de empresas galegas e españolas. Por tanto, felicitalo, sempre o felicitei por iso, porque seguía sendo de dereitas pero vía unha realidade tremenda que había nun pobo irmán onde el nacera e onde el coñecía que había milleiros, centos de miles de galegos e españois. E tamén, como non, eu fun unha persoa que destaquei a nivel internacional e nacional na cooperación con Cuba, onde me chegaron a acusar de ter contas en varias illas deses paraísos fiscais e outras cousas a mafia norteamericana, a CIA e a Mossad, a CIA e a Mossad, na que me teñen fichado por certo os dous. Toda esa actividade indolente permitiu, foron balóns de oxíxeno, tanto os de Fraga, a actitude

que tivo, como a actitude que tiven eu por toda España con montóns de milleiros de concellos que si colaboraron con Cuba, e tamén moitos galegos e incluso do Partido Popular.

Na actualidade estase a dar unha situación similar aos anos 90, xa que, a maiores do bloqueio timidamente suavizado polo Goberno de Barack Obama, pero recruado baixo o mandato de Donald Trump –todos recordamos que Barack Obama abrira a porta e veu esta mala besta de Trump e cerrouna dun canto, que son os que se moveron agora na Habana, porque eses son os que a raíz da apertura que Obama fixera, había negocios, había xente que estaba xa vivindo moi ben en Cuba, toda esa, ao cortarse o turismo, non ten forma de vivir, e son a maior parte dos que saíron á rúa estes días en Cuba.

Por tanto, isto sumado ao covid, o problema agudizou de tal forma a situación que é sabido tamén que diversos municipios de España, deputacións, ONG, institucións relixiosas, fixeron unha campaña a nivel de España para comprar xiringas para que se poidan vacinar os cubanos coa súa vacina, dado que a outra non llela venderon, dado que a outra non llela venderon.

De maneira malévola, perversa e interesada, aqueles que están en contra da soberanía do pobo cubano teñen en marcha unha campaña internacional contra o seu Goberno co único fin de retornar á situación anterior á Revolución; é dicir, que Estados Unidos pase novamente a controlar Cuba mediante un goberno títere e corrupto que permita a existencia de grandes desigualdades sociais para que determinadas empresas norteamericanas, que lamentablemente no futuro así pasará, teñan vía libre para facerse co país, e digo así pasará polo ambiguo dos gobernos democráticos do mundo.

Desde 1992, a ONU acordou acabar co bloqueio en 28 ocasións nas asembleas nas que participan todos os países membros. Na última votación sobre este asunto, celebrada o pasado 23 de xuño, antonte, 184 estados votaron a favor de eliminar o bloqueio contra Cuba. Colombia, ese país ao que vai ir o presidente do Partido Popular a recibir leccións; Brasil, outro país que hai que coller con puntillas co presidente que ten, o Bolsonaro ese; e Ucraína, abstivéronse e tan só Estados Unidos, que é o amo, que é quen pon os presidentes, e Israel votaron en contra. Este acordo adoptado por *apabullante* maioría desde hai 28 anos non se está a respectar por ningún país; é algo lamentable, porque non se obriga a un Estado membro da ONU a levantar ese bloqueio cando está masivamente apoiándose por todos os países do mundo.

Polo exposto, propoño: Primeiro, apoiar as resolucións e acordos da ONU en contra do bloqueio contra Cuba solicitando o seu levantamento inmediato para que se deixe de afogar o pobo cubano, a gran vítima desta criminal e malévola política promovida polos Estados Unidos. Inténtase afogar o pobo para que se subleve contra o Goberno e non o conseguiron durante moitos anos nin o van conseguir, para despois entrar a saco, como cando o fixeron coa guerra de España e cando no 1898, despois de combater españois contra españois, acabada a guerra, entra EE.UU., rebenta un barco no porto e faise con Cuba. Esa é a táctica destes bandidos, deste país *yankee* que tanto mal leva feito ao mundo.

E, por tanto, dicía apoiar as resolucións do acordo da ONU, e segundo, demandar que o Goberno de España inicie políticas de cooperación internacional reais e efectivas con Cuba. Fíxoas dalgún modo Zapatero, pero quedaron curtas ou mandáronlle parar. A crise tamén afectou moitísimo naquel momento no 2008. Por tanto, digo, demandar do Goberno de España que inicie políticas de cooperación internacional reais e efectivas con Cuba para contribuír a mellorar a situación deste país irmán co que o pobo español tan estreitamente está vencellado.

Sr. Lema Suárez

Moi brevemente. Nós apoiamos por suposto a moción, pensamos que hai unha serie de vencellos históricos entre o noso pobo e o pobo cubano que creo que nos obrigan a auxilialo nestas circunstancias. Preguntámonos que pasaría se o Estado español, fortemente dependente do turismo nunha situación como a actual, estivese sometido tamén aos grillóns dun bloqueo. Está claro que estariamos nunha situación equivalente ou talvez peor á do pobo cubano nestes momentos.

Por tanto, eu creo que, polos profundos lazos históricos que nos unen á illa de Cuba, entendo que é urxente expresar materialmente esa solidariedade entre os pobos.

Nada máis e grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Tamén de xeito moi breve e tal e como nos expresamos en relación á anterior moción, cremos que esta moción recolle cuestións que son fundamentais para constituír un marco de normalidade no que avanzar e imos apoiar esta moción, non por unha cuestión de simboloxía, unha simboloxía lexítima que nos representa e que entendemos que non é mancha, e si por unha cuestión de principios e coherencia.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente.

Sr. Lema, tú has justificado por qué trajimos la moción. Antes había una duda, por los profundos lazos históricos que tenemos con Cuba, por eso hay una vinculación directa de Galicia con la isla y en concreto con la provincia de A Coruña. Es decir, el CERA, el censo de residentes ausentes, si queréis podéis echarle un vistazo y veréis que efectivamente hay muchísima gente, gallegos e hijos de gallegos, que viven en Cuba. Eso hay una comunicación directa igual, sin embargo no me consta que haya tanta con Uzbekistán, que comentó, es que me perdí un poco los países que dijo el Sr. Fernández, pero en todo caso con Cuba sí hay una relación muy directa y eso nos preocupa.

Respecto a la moción que trae el Sr. García Seoane, la exposición de motivos es una exposición de motivos muy García Seoane, entonces nosotros hay comentarios que se hacen ahí que nunca en ningún caso podríamos apoyar. No nos podemos permitir ciertas *boutades* que otros sí pueden hacer; es decir, cada uno decir lo que le peta, donde le peta y como le peta. Nosotros, evidentemente esa exposición

de motivos no la vamos a apoyar nunca.

Respecto al punto segundo, sí podríamos votar a favor el punto segundo. El Gobierno español ya tiene políticas de cooperación internacional en los últimos años y creo que es bueno potenciar que las siga habiendo.

Y, respecto al punto primero, pues tampoco estamos muy de acuerdo. Sí estamos de acuerdo... Antes hablaba Lema del embargo, luego hablamos del bloqueo. Lo que hay en Cuba es un embargo, con el cual nosotros no estamos de acuerdo, ojalá se levantara ese embargo, pero hay otro tipo de embargo del que no habla nadie aquí y es el embargo al que la dictadura cubana somete a los propios cubanos cuando yo, si tuviera un familiar en Cuba, no podría entrar con alimentos para él, yo no puedo entrar con dinero, con divisas, para darle a vecinos o familiares que tenga allí, porque el Gobierno cubano no me deja, porque el Gobierno cubano prefiere que vayan con la cartilla de racionamiento así en la boquita a que repartan la miseria y luego ellos hacer sus movimientos, como están haciendo. Un cubano no puede cultivar su tierra sin autorización –porque ya no la tiene– sin autorización del Gobierno cubano. De ese bloqueo no habla nadie y de ese bloqueo hay que empezar a hablar, y cuando empezemos a hablar de ese bloqueo, del bloqueo al que la dictadura comunista cubana tiene sometido al pueblo cubano, levantemos todos los bloqueos, levantemos todos los embargos y ayudemos a los cubanos a tener una vida mejor, porque ese debería ser un compromiso de todos los demócratas españoles. Yo casi anuncio que no voy a hablar mucho más a no ser que me deis motivos para ello.

Nada más y gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Vale brevemente, nós efectivamente pode haber algunhas expresións na exposición de motivos que matizaríamos ou que non compartiríamos polo groso delas, sobre todo porque en política entendemos que se poden dicir as cousas ás veces doutra maneira. Pero neste caso sobre os acordos nós propoñeríamos que se retirase do primeiro punto os dous termos aos que se refire sobre a política promovida por Estados Unidos de criminal e malévola, se non se retiran, votaremos igualmente a favor da moción, deixando constancia de que neste primeiro punto nós estamos a favor de apoiar as resolucións e acordos da ONU en contra do bloqueo contra Cuba solicitando o seu levantamento inmediato para que se deixe de afogar o pobo cubano, a gran vítima desta política promovida polos Estados Unidos. Nós, se non se elimina criminal e malévola, queremos que conste en acta e deixar constancia, de que non estamos a favor deses dous termos, pero si do que son os dous acordos da moción.

A exposición de motivos sabemos que nas mocións é pouco relevante, non deixa de ser unha argumentación sobre o que se vai acordar, que é o verdadeiramente importante, e neste caso nestes dous puntos, quitando este pequeno matiz que acabo de facer, estamos de acordo.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. García Seoane

Teño que dicirlle ao compañeiro Sr. Ben que non é verdade o que acaba de dicir, que non se pode levar diñeiro a Cuba e que non se pode levar comida a Cuba. Calquera galego que viaxa á illa vai con maletas cargadas a montón e con diñeiro. Eu leveille a centos de galegos, leveilles diñeiro, leveilles comida, leveilles regalos que lles daban, todo se pasa –hai que pagar no aeroporto, igual que se paga aquí por meter unha maleta–, pero é mentira, xa nin na época de cando foi Fraga, alí xa non era así. Fraga, por certo, foi cargado de xamóns para aquela reunión que houbo alí, levaba centos de lacóns, xa naquela época. Por tanto, non é verdade o que está dicindo, simplemente iso.

En modificar a moción, non a podo modificar porque pode entender o Grupo Socialista que non é así, pero esa frase non está de casualidade aí, hai unha situación criminal –criminal é aquel que criminaliza a xente, que quere acabar con ela–. Por tanto, iso é unha realidade que Estados Unidos vén practicando desde hai moito tempo. E malévola, pois folga dicir que, se es criminal, es malévolo. Por tanto, eu non vou retirar para nada ningunha desas dúas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do grupo Alternativa dos Veciños en apoio ao pobo cubano, en defensa do levantamento do bloqueo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 1962 Estados Unidos ten decretado un bloqueo que impide a existencia de todo tipo de relacións económicas e comerciais da inmensa maioría dos estados do mundo con Cuba. Ademais dos países denominados occidentais, desde a caída do muro de Berlín en novembro do 1989, a Europa do leste sumouse en masa a este criminal bloqueo que afoga ao pobo cubano.

Os distintos Gobernos de España desaproveitaron os indubidables vencellos históricos existentes coa illa e desbotaron a apertura dunha importante porta de oportunidades económicas e comerciais para empresarios españois dos que sairían beneficiadas ambas economías. A aliñación coas políticas norteamericanas foi e segue a ser nefasto para os intereses económicos de España.

O terrorífico bloqueo provocou un enorme sufrimento no pobo cubano. Principalmente na década dos 90, vivíronse episodios de grandes dificultades e carencias, con falta de produtos básicos e necesidades extremas que non podían ser cubertas malia o importante sistema de servizos públicos existente na illa. Naquel momento, tan só valentes posicionamentos como os da Xunta de Galicia presidida por Don Manuel

Fraga Iribarne ou do Concello de Oleiros, presidida pola miña persoa, permitiron desenvolver importantes campañas de cooperación e investimentos para contribuír a mellorar a situación do pobo cubano.

Na actualidade, está a darse unha situación similar á dos 90 xa que a maiores do bloqueo -timidamente suavizado polo Goberno de Barack Obama pero recrudecido baixo o mandato de Donald Trump-, o covid está a provocar graves problemas debidos á paralización do turismo, que supuxo a eliminación dun dos principais recursos para a economía cubana.

De maneira malévola, perversa e interesada, aqueles que están en contra da soberanía do pobo cubano, teñen en marcha unha campaña internacional contra o seu Goberno co único fin de retornar á situación anterior á revolución. É dicir, que Estados Unidos pase novamente a controlar Cuba mediante un Goberno títere e corrupto, que permita a existencia de grandes desigualdades sociais para que determinadas empresas norteamericanas teñan vía libre para facerse co país.

Desde 1992, a ONU acordou acabar co bloqueo en 28 ocasións nas asembleas nas que participan todos os países membros. Na última votación sobre este asunto, celebrada o pasado 23 de xuño, 184 estados votaron a favor de eliminar o bloqueo contra Cuba; Colombia, Brasil e Ucraína abstivéronse; e tan só Estados Unidos e Israel votaron en contra. Este acordo, adoptado por apabullante maioría, non está a ser respectado nin tan se quera polos países que votaron a favor. Impídeo a política internacional de Estados Unidos, que ameaza e sanciona a todo aquel que rompa o bloqueo.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Presidente do Pleno Provincial os seguintes:

ACORDOS:

Primeiro.- Apoiar as resolucións e acordos da ONU en contra do bloqueo contra Cuba solicitando o seu levantamento inmediato para que se deixe de afogar ao pobo cubano, a grande vítima desta criminal e malévola política promovida polos Estados Unidos.

Segundo.- Demandar que o Goberno de España inicie políticas de cooperación internacional reais e efectivas con Cuba para contribuír a mellorar a situación deste país irmán, co que o pobo español está estreitamente vencellado."

Sr. Presidente

Hai unha última moción, presentada por Marea Atlántica sobre a estrada DP-0701.

I.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a DP0701

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada provincial DP 0701 conecta Compostela co veciño municipio de Val do Dubra onde empata coa DP 1914 sendo a combinación de ambas vías un dos eixos que articula o interior da provincia e nomeadamente a comarca de Santiago coa de

Bergantiños e a Costa da Morte. No anterior mandato, a principios de 2019, coa posta en funcionamento da variante de Aradas, longamente demandada polo Concello de Santiago á Xunta de Galicia, este viario convertiuse na conexión máis accesible de toda esta área xeográfica co Polígono do Tambre.

Pasados xa máis de dous anos, existe xa a marxe temporal suficiente para avaliar o impacto da variante de Aradas no aumento do tránsito rodado e os novos fluxos que afecten directamente á DP0701. É por iso que cómpre impulsar a colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña co fin de realizar un estudo con medicións dos impactos antes mencionados para poder valorar a execución de melloras que repercutan na seguridade viaria das persoas e vehículos usuarios desta estrada.

Entre outras necesidades, cómpre garantir a mobilidade segura de vehículos e veciñanza na contorna do lugar do Queiroal na Peregrina, así como das zonas máis próximas da Ponte do Romaño. Existe un punto negro na incorporación a Lamascal que cómpre solucionar, así como, sendo este un viario cun elevado uso de ciclistas, garantir máis medidas de seguridade para a correcta convivencia cos vehículos motorizados.

Outras medidas a ter en conta serían a posibilidade de habilitar un estacionamento de borde, no Romaño, para que, combinado co aumento das frecuencias das liñas P 4, moitos vehículos non teñan a necesidade de acceder á zona urbana. Unha vez implementada a variante de Aradas cómpre recuperar a idea de incorporar a urbanización do Avio-Torreira-Romaño ao Plan de Travesías da Deputación para dar continuidade ás melloras urbanas realizadas hai máis de 10 anos xa no tramo de Galeras-Salvadas-Vista Alegre.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Marea Atlántica presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Deputación da Coruña a:

- Colaborar co Concello de Santiago para que se realice un estudo sobre a seguridade viaria e melloras a implementar na estrada DP0701 de titularidade provincial, para posteriormente orzar estas obras.
- Incorporar nos próximos plans de travesías provinciais a reurbanización das rúas do ámbito Avio-Torreira-Romaño

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

Dicir sobre esta moción que, logo de discutila co voceiro socialista, tamén co deputado de Vías e Obras, hai en canto ao segundo punto resolutivo, que di: “Incorporar nos próximos plans de travesías provinciais a reurbanización das rúas do ámbito Avio-Torreira-Romaño”, que existe unha discrepancia en canto á titularidade desta vía, se non me equivoco. Por tanto, o que propoñemos, se lles parece ben aos membros do Goberno, é a retirada deste segundo punto na resolución final para que non exista, ata que se clarifique cal é a natureza desta vía, a súa titularidade real.

En canto ao resto da moción, esta vía transcorre case integramente polo concello de Santiago, pero conéctase co de Portomouro, polo tanto co concello de Val do Dubra, unha vía que aumentou moito o seu tráfico desde que se abriu o ramal que conecta co Polígono do Tambre á altura de Aradas e que, polo tanto, presenta agora necesidades aínda que o firme, como xa se sinalou tamén na Comisión de Voceiros, presenta un excelente estado, o que si necesita son adaptacións para a maior densidade de circulación que ten agora, e que teñen que ver tanto co ancheamento das beiravías como distintos pasos a nivel e a posibilidade de estudar tamén un carril para o tráfico lento que facilite a fluidez de tráfico que, como dixemos, o que nos trasladan os compañeiros de Compostela, que se viu moi aumentada desde o enlace ese de Aradas co polígono do Tambre. Creo que era unha moción que ademais foi aprobada onte case case de xeito idéntico no Concello de Compostela, que creo que amosa tamén que estamos ante un problema real, concreto, que atinxe directamente á vida de moitos veciños de Compostela e da súa comarca que solicitan iso. Eu creo que é máis que razoable o seu contido.

Sr. Fernández Piñeiro

Ola de novo.

Efectivamente, nós solicitamos, como comentabamos, que se retirara o segundo punto deste acordo nesta moción porque ese tramo ao que se fai referencia non está dentro da estrada provincial e, polo tanto, non é titularidade provincial e nós non podemos investir fondos, polo menos de forma directa, nese tramo, tería que facelo o Concello con fondos que se poidan trasladar a través dos distintos mecanismos que ten establecidos a Deputación, como poden ser os distintos plans, etc. Neste caso, no primeiro punto si que estamos a favor del porque é un traballo no que se leva xestionando xa hai moito tempo, xa hai moitos meses entre o Concello de Santiago e esta Deputación, e este Goberno provincial, tamén sobre todo a través da nosa compañeira que é concelleira en Santiago, como digo, estase a xestionar e tratar este tema. Sabedes que recentemente á parte neste Pleno aprobouse o proxecto actualizado de ensanche e mellora do trazado e afirmado na DP-7804 Val do Dubra a Santiago nos puntos quilométricos 18,690 ao 22,223 en Santiago, no que se inclúe unha senda peonil á marxe esquerda da estrada e no entorno dos últimos puntos quilométricos coincidindo coa confluencia da estrada 0701 Santiago-Portomouro. A maiores diso, sobre a necesidade de garantir unha seguridade viaria aos veciños nesa zona, no entorno da Peregrina, estanse estudando distintas posibilidades, como poden ser ou ben a construción dun paso elevado, ou un paso a nivel na estrada cun semáforo, que ese si que tería que instalalo o propio Concello, pero que non habería inconveniente en que esa actuación se puidera facer por parte da Deputación, a excepción dese semáforo, que sabedes que a Deputación non instala ese tipo de mecanismos.

Polo tanto, como xa é algo no que se está a traballar, e como xa dixen noutros plenos, como xa o estamos a facer, votámolo a favor, non hai que votalo en contra, vale? Moitas grazas, nada máis.

Sr. Ben Otero

Nosotros obviamente vamos a votar a favor de esta moción, como hicimos en

el Pleno de Santiago, y también cabe recordar que sobre este tema trajimos dos iniciativas ya a este Pleno, dos ruegos. Y aprovecho para recordarle al Sr. Pequeño, que suele, por lo menos en lo que yo he hablado con él, cumplir los compromisos, que tiene pendiente una visita a La Peregrina porque los vecinos quieren hablar con él, porque el proyecto que se está haciendo en la 7804, si bien es ambicioso, si bien recoge algunas cuestiones, hay pequeños detalles de matiz que podrían satisfacer mucho más a los vecinos en una simple conversación con ellos, y no son gente de ningún partido ni una plataforma, como nos tienen otros acostumbrados, contra nadie. Están a favor de sus cositas, son gente supernormal, superplural y yo le aconsejo, Sr. Pequeño, que les visite y que les escuche *in situ*, lo entenderá mucho mejor.

Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a DP0701

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada provincial DP 0701 conecta Compostela co veciño municipio de Val do Dubra onde empata coa DP 1914 sendo a combinación de ambas vías un dos eixos que articula o interior da provincia e nomeadamente a comarca de Santiago coa de Bergantiños e a Costa da Morte. No anterior mandato, a principios de 2019, coa posta en funcionamento da variante de Aradas, longamente demandada polo Concello de Santiago á Xunta de Galicia, este viario convertiuse na conexión máis accesible de toda esta área xeográfica co Polígono do Tambre.

Pasados xa máis de dous anos, existe xa a marxe temporal suficiente para avaliar o impacto da variante de Aradas no aumento do tránsito rodado e os novos fluxos que afecten directamente á DP0701. É por iso que cómpre impulsar a colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña co fin de realizar un estudo con medicións dos impactos antes mencionados para poder valorar a execución de melloras que repercutan na seguridade viaria das persoas e vehículos usuarios desta estrada.

Entre outras necesidades, cómpre garantir a mobilidade segura de vehículos e veciñanza na contorna do lugar do Queiroal na Peregrina, así como das zonas máis próximas da Ponte do Romaño. Existe un punto negro na incorporación a Lamascal que cómpre solucionar, así como, sendo este un viario cun elevado uso de ciclistas, garantir máis medidas de seguridade para a correcta convivencia cos vehículos motorizados.

Outras medidas a ter en conta serían a posibilidade de habilitar un estacionamento de borde, no Romaño, para que, combinado co aumento das frecuencias das liñas P 4, moitos vehículos non teñan a necesidade de acceder á zona urbana. Unha vez

implementada a variante de Aradas cómpre recuperar a idea de incorporar a urbanización do Avio -Torreira-Romaño ao Plan de Travesías da Deputación para dar continuidade ás melloras urbanas realizadas hai máis de 10 anos xa no tramo de Galeras-Salvadas-Vista Alegre.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Marea Atlántica presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Deputación da Coruña a:

- Colaborar co Concello de Santiago para que se realice un estudo sobre a seguridade viaria e melloras a implementar na estrada DP0701 de titularidade provincial, para posteriormente orzar estas obras. "

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo Partido Popular, que se me esqueceu, para instar o Goberno de España a poñer en marcha medidas que eliminen a débeda que as entidades locais contraerán co Estado de maneira automática pola liquidación negativa da participación nos ingresos do Estado do ano 2020.

Sr. Ben Otero

Nosotros, si es posible, a la vista de las últimas noticias que han ido saliendo respecto a esto, querríamos retirar la moción.

Sr. Presidente

Procedemos á votación, entón, da retirada.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Apróbase por unanimidade a retirada da moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Martínez

Si, grazas, presidente; un rogo.

Con data do 21 de maio o *Boletín Oficial da Provincia* publicou a licitación da organización e realización da campaña de vela e windsurf da Deputación Provincial da Coruña no ano 2021, cun orzamento base de licitación de 54.288,92 euros sen

impostos. A campaña estaba destinada á iniciación nestas modalidades dun total de 240 nenas e nenos da provincia entre 9 e 18 anos, ía desenvolverse entre o 5 de xullo e o 13 de agosto nos concellos de Cariño, Mugardos, Pontedeume, Ponteceso, Dumbria e Rianxo, que mesmo chegaron a abrir o prazo de inscrición de nenos e nenas para participar nela. Ademais, esta campaña recuperábase neste ano despois de que no pasado non puidera celebrarse por culpa da pandemia.

Finalmente, este ano parece que tampouco vai celebrarse, aínda que neste caso non ten relación coa covid. A causa da non celebración da campaña atopámola na Resolución do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación do pasado 16 de xuño, que rexeitou a oferta presentada pola Real Federación Galega de Vela por conter valores anormais ou desproporcionados e non xustificables, e declarou por tanto deserta a licitación.

E non é o obxecto deste rogo entrar nas circunstancias que deron lugar aos desencontros coa federación, habitual responsable da realización da campaña e que remataron coa súa exclusión, pero si que esta Deputación, sendo a nosa unha provincia bañada polo mar con practicamente 1.000 km de costa, a que máis quilómetros de costa atesoura de toda España, incluídas individualmente calquera das illas de Canarias ou de Baleares, esgote todas as súas posibilidades ao seu alcance para salvar e desenvolver esta campaña.

Polo tanto, rogo que esta Deputación explore e execute todas as vías legais para proceder á contratación da organización e realización da campaña de vela e windsurf da Deputación Provincial da Coruña neste ano 2021.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Recién llegado, antes de entrar, pero los compañeros de Bergondo nos han mandado un ruego y nos piden, por favor, que demos traslado, y es referido a la DP-0183 en Lubre, que tiene bastantes problemas continuos de seguridad vial. Y voy a leerlo textualmente: “Son numerosas las quejas que a diario nos transmiten vecinos de Lubre acerca de los continuos excesos de velocidad en la rúa da Lama en la DP-0813. En dicho tramo se ubica además la escuela unitaria de Lubre. Este fin de semana, 25 de julio, casi tenemos la primera desgracia al perder el control un vehículo a muy alta velocidad, justo delante de unos niños que circulaban en bicicleta, lo que crispó aún más a los vecinos por lo que consideran que es una inacción por parte de los titulares de la vía. Aunque esta vía está limitada a 50, son muchos y de forma continua los sustos por exceso de velocidad en esa recta de casi 1 kilómetro de largo que además se aprovecha los fines de semana para ciertas carreras. Rogamos se traslade a esa Diputación esta preocupación y se decida instalar bandas rugosas o algún otro tipo de efecto disuasorio para provocar que la gente disminuya la velocidad por la que transita en este tramo”.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Ben.

Moi ben, damos por finalizado o Pleno desexándovos un bo verán.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:35 horas.